




*En galego,
agora e sempre*

Subvenciona:**Publica:****Coordinación:**

Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Edita:

Pío García Edicións

Fotografía:

Pío García

Deseñadora:

Nerea Otazo Echevarría

Imprime:

Litonor

Depósito Legal:

Alberte Feixóo Xullo	pág.	29
Álvarez – Blázquez Fernández Álvaro	pág.	31
Álvarez García Encarna	pág.	35
Álvarez Gándara Alfonso	pág.	37
Ames Carlos E.	pág.	39
Amoedo López Gonzalo	pág.	41
Andión Jorge	pág.	43
Aramburu García – Pintos Miguel	pág.	45
Araújo Iglesias Miguel Anxo	pág.	47
Balo Mosquera Gonzalo	pág.	49
Barja José María	pág.	51
Barreiro Barreiro Manuel	pág.	53
Barreiro Prado Xosé Xoán	pág.	55
Bernal López Xosé Luís	pág.	57
Barrera Dopazo Anxo	pág.	59
Barro Ameneiro Senén	pág.	63
Blanco Campaña Xosé Luís	pág.	65
Bouzas Canosa Manuel	pág.	67
Brea Guillermo	pág.	71
Cacero Lois	pág.	73
Calaza Alicia	pág.	75
Callón Carlos	pág.	77
Calvo Tucho	pág.	79
Campo Marica	pág.	81
Campos Freire Francisco	pág.	83
Caño Xosé Manuel del	pág.	85
Carballido Presas Xosé	pág.	87
Chao Rego Xosé	pág.	89
Cid Xosé Manuel	pág.	91
Cólera Leirado José Ramón	pág.	93

Conde Cid Alfredo	páx.	95	García Leira José María	páx.	165
Costas Abreu Xesús	páx.	97	García Mañá Luís Manuel	páx.	167
Couceiro Pérez Xosé Luís	páx.	99	García Romero Waldo	páx.	169
Couñago Laxe Andrés	páx.	101	Gefaell Chamochin Blanca	páx.	173
Couñago Rivera Xosé	páx.	103	Gil Moure Roberto	páx.	175
Cunqueiro González-Seco César	páx.	105	González González Manuel	páx.	177
Currás Fernández Celso	páx.	107	González López Armando	páx.	179
Díaz Ceferino	páx.	109	González Moreiras Xesús Pablo	páx.	181
Dios Diz Manuel	páx.	113	González Pérez Clodio	páx.	183
Domínguez Domínguez Celso	páx.	115	González Tosar Luís	páx.	187
Dono López José Antonio	páx.	117	Hermida García Modesto	páx.	189
Durán Morris Antonio	páx.	119	Horro González Xoán C.	páx.	191
Eiré Afonso	páx.	121	Iglesias Francisco	páx.	193
Estévez Fernández Xerardo	páx.	123	Iglesias Rodríguez Laura	páx.	195
Fernández Álvarez Antón	páx.	125	Igrexas Carlos	páx.	197
Fernández Álvarez Delfín	páx.	127	Jar Couselo Gonzalo	páx.	199
Fernández Freixanes Víctor/ María Dolores Cabrera	páx.	129	Labarta Fernández Uxío	páx.	203
Fernández López Demetrio	páx.	131	Ledo Cabido Bieito	páx.	205
Fernández Paz Agustín	páx.	133	Leyte Coello Carmen	páx.	207
Fernández Prieto Alfredo	páx.	135	Lema Suárez Xosé María	páx.	209
Fernández Vázquez Emilio	páx.	137	López Martínez María Sol	páx.	211
Ferradáns Ana	páx.	139	López Mira Álvaro	páx.	213
Ferro Ruibal Xesús	páx.	141	López Pereira Eduardo	páx.	215
Fonseca Moretón Xoán	páx.	143	Lorenzo Vázquez Ramón	páx.	217
Fontaiña Pazos Rosa	páx.	145	Losada Xoán Carlos	páx.	219
Fontán Feixóo Guillermo	páx.	147	Losada Castro Basilio	páx.	221
Fraga Iribarne Manuel	páx.	149	Loureiro Rey Xosé Luis	páx.	223
Franco Grande Xosé Luís	páx.	151	Luis Gallego Xosé Luis de	páx.	225
Fuente Concha de la	páx.	153	Mago Antón	páx.	227
Galocha López Antón	páx.	155	Mandianes Castro Manuel	páx.	231
García Albeos Xosé	páx.	157	Mariño Castro Manuel	páx.	233
García-Bodaño Salvador	páx.	159	Mariño Soaz Castor	páx.	235
García Cotarelo Xosé Antonio	páx.	161	Mascato Antón	páx.	237
García Gómez Valentín	páx.	163	Maure Elena	páx.	239
			Maure Rivas Xulían	páx.	241

Méndez Luz	páx.	243	Ríos Paredes Xulio	páx.	327
Monteagudo Romero Xoaquín	páx.	245	Roca Cendán Manuel	páx.	329
Montero Prego Benito	páx.	247	Rocha Coladas Benxamín	páx.	331
Mora Morandeira Enrique	páx.	251	Rodríguez-Abella Gómez Xosé M.	páx.	333
Moure Pereiro Teresa	páx.	253	Rodríguez Cruz Xosé	páx.	335
Mouriño Villar Antonio	páx.	257	Rodríguez Silva Guadalupe	páx.	337
Neira Vilas Xosé	páx.	259	Roig Rechou Blanca-Ana	páx.	339
Nogueira López Alba	páx.	261	Rozados Lorenzo Laura	páx.	341
Nogueira Román Camilo	páx.	263	Rúa Prieto Juan Antonio	páx.	343
Novoa Rodríguez Francisco	páx.	265	Rubal González Cristina	páx.	345
Oca Antonio	páx.	269	Rubido Bieito	páx.	349
Ocampo Gómez Camilo Isaac	páx.	271	Saavedra Pegerto	páx.	351
Ochoa Xosé Avelino	páx.	275	Sánchez Guillermo	páx.	353
Otero Cepeda Encarna	páx.	277	Sánchez Bugallo Xosé A.	páx.	355
Otero Fernández David	páx.	279	Sánchez Puga Xosé	páx.	357
Otero Romar José Manuel	páx.	283	Sanmartín Eirín Ivan	páx.	359
Pérez Touriño Emilio	páx.	285	Santos Castroviejo Iago	páx.	361
Pérez Vaquero Carme	páx.	287	Senín Fernández Xabier	páx.	363
Pin Millares Xosé María	páx.	291	Seoane Pampín Antón	páx.	365
Piñeiro Feijóo Antón	páx.	293	Solla González Amparo	páx.	367
Porteiro García María Xosé	páx.	295	Sotelo Sotelo Fabiola	páx.	369
Porto Iglesias Xosé Manuel	páx.	297	Suárez Canal Alfredo	páx.	371
Pose Mesura Xosé Manuel	páx.	301	Suárez-Vence Santiso Xabier	páx.	373
Pousa Antelo Avelino	páx.	303	Taboada Cid Xesús	páx.	375
Prieto Ana	páx.	305	Varela García Carlos	páx.	377
Prieto Porto Enrique	páx.	307	Vázquez Portomeñe Xosé	páx.	381
Pulido Novoa Antón	páx.	309	Vázquez Sandes José Ramón	páx.	385
Queizán María Xosé	páx.	311	Veloso Ríos Iolanda	páx.	387
Reguera Ocampo Eduardo	páx.	313	Vicente Terceiro Maximino	páx.	389
Rei Barreiro Xaime	páx.	315	Vidal Barral Nel	páx.	391
Rei Chao Gonzalo	páx.	317	Vidal Paz Mari Carmen	páx.	393
Reixa Antón	páx.	319	Villar Janeiro Helena	páx.	395
Rey Barreiro Teresa	páx.	321	Villares Paz Ramón	páx.	397
Reza Xosé Benito	páx.	323	Villarino Santiago Dolores	páx.	401
Ricón Virulegio Amado	páx.	325	Xiz Ramil Xulio	páx.	403

O acto de escribir as últimas vontades, aínda que sexa como xogo literario, achega, a quen o fai, ao momento último, esencial e radical da súa existencia: aquel no que, consciente xa da fin, a persoa fai o derradeiro esforzo por prolongar o seu ser a través das cousas que máis amou. En Galicia, este acto emana do humus mesmo da cultura de nós, e poucos feitos se afrontan con maior gravidade.

De aí que non sexa estraño que fose entre nós onde xurdiu a singular iniciativa de recoller nun libro as mandas testamentarias de máis de cen persoas, todas elas relevantes e senlleiras, nas que, sans de mente e entendemento, manifestan, primeiro, que a lingua coa que interpretan o cosmos é a galega, e, segundo, que queren deixar esta lingua en herdanza por acto de puro amor e por a consideraren un instrumento que lles ha de ser útil aos seus herdeiros e herdeiras, como lles foi a elas en vida.

Sirvan, estas miñas palabras, de gratitude a todas estas persoas que, publicamente, deixan en herdanza o ben da lingua galega, a mesma lingua que eles recibiron dos seus devanceiros para que a conservasen, enriquecesen e transmitisen.

Santiago de Compostela, setembro de 2008

María Sol López Martínez

Secretaria xeral de Política Lingüística

Prólogo

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia naceu hai vintecinco anos. Desde entón viñemos desenvolvendo moitas iniciativas para normalizar o uso da lingua galega en tódolos ámbitos. Moitas delas foron decisivas para que a lingua galega acadase o estatus que hoxe ten nas administracións públicas. Abonda con referirnos ás edicións en galego dos diarios oficiais da Xunta de Galicia e Parlamento de Galicia, respectivamente. Durante varios anos editáronse a dobre columna. Esta solución parecíanos inoportuna, porque observabamos que nas prácticas burocráticas os funcionarios lian e transcribían a columna redatada en castelán. Tiñamos o convencemento que deste xeito non conseguiríamos que os funcionarios se avezasen no coñecemento e uso correcto da nosa lingua nos procedementos administrativos.

Nos últimos anos a nosa preocupación centrouse nos actos xurídicos documentados. E máis en concreto nos testamentos. Para facermos fincapé neste obxectivo preparamos o libro “Un futuro para a lingua galega”, editado no ano 2002. Un cento de personalidades relevantes da vida social galega responderon á nosa proposta de redataren unha manda testamentaria pedíndolles aos seus herdeiros respecto e defensa pola lingua galega no futuro.

Prólogo

Seis anos despois volvemos reeditar aquel libro con novas achegas, no afán pedagóxico que caracteriza ó noso estilo por ofrecer alternativas de reafirmación persoal no galeguismo, nun tempo no que cada vez son máis as reivindicacións públicas a prol da normalización lingüística.

É tempo de mandurarnos. Cómpre que Galicia procure a súa galeguización. É preciso que a sociedade galega, o corpo social máis consciente, faga sentir ese desexo. Pero ha ser publicamente e tamén nas decisións íntimas e familiares. O mellor xeito de avanzarmos no espallamento do uso da lingua galega debe comezar por nós mesmos, para poder logo demandarlle ós demais que fagan outro tanto.

“En galego, agora e sempre”, é a continuación daquel outro libro publicado en 2002. E quere teimar no mesmo obxectivo: estender o uso da lingua galega nos protocolos notariais, nomeadamente nos de declaración de herdeiros, incluíndo nos mesmo unha manda testamentaria que obrigue aos seus beneficiarios a proseguiren no futuro o labor de impulso e fomento da lingua galega.

O testamento é un instrumento xurídico de gran tradición na nosa cultura por sermos un país de

pequenos propietarios. Galicia é un País rico en denominacións. Non hai anaco de terra, cultivada ou a monte, que non teña nome. Cóntanse por millóns o número de microtopónimos que se reflecten neses testamentos. Herdades coutadas ou comunicadas con congostras, corredoiras, calellas, canles, viais vellos, canicouvas, rueiros, quenllas, corgos, vereas... porque en Galicia os camiños teñen moitos nomes. Nomes que están impresos no cerne da nosa cultura singular, expresada nun idioma único.

Velai, pois, a nosa proposta para estas datas de Santos: galeguizar os documentos notariais e incluír neles mandas testamentarias que garantan o futuro da lingua galega; noso mandato para que se nos lembre sempre, despois de falecidos, en galego, nas esquelas, cabodanos e lápidas funerarias.

Para sermos máis nós, reafirmemos a nosa condición de galegos.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia

É moi frecuente atopar nos protocolos notariais galegos, sobre todo nos da Idade Media, cláusulas testamentarias nas que o testador establecía obrigas extraeconómicas para os seus herdeiros. Encabezábanse estes testamentos con fórmulas estereotipadas de diversos tipos. As máis comúns son as que rezaban así: “Con todo siso e toda miña memoria, dispoño das miñas cousas”¹. Iso se a persoa que facía testamento non estaba aqueixada dalgunha doenza ou enfermidade que a obrigase a facer as conseguíntes precisións sucesorias; daquela, adoitaba facelo con outra expresión: “Doente no corpo e pero con todo meu siso cumplido, faço e ordino en aquela maneyra após meu passamento”.

As invocacións a Deus ou ós santos, así como a manifestación de obediencia á “Santa Iglesia Católica, Apostólica y Romana” a súa fe, eran recursos estilísticos moi utilizados: “Imprimeiramente, dou mina alma a Deus e mando meu corpo soterrar eno cimiterio de Santa Maria de Ual de Paraíso e mando e commigo C soldos para unha pitañça”. Algúns destes testamentos contiñan obrigas para os herdeiros de “facer” ou “que se fixese” unha pere-

¹ A vida e a fala dos devanceiros, Xesús Ferro Couselo. Editorial Galaxia, 1996

grinación a Santiago, por exemplo. Son mandas de contido espiritual de uso moi estendido na época. O incumprimento das devanditas mandas testamentarias podía ser sancionado pola autoridade eclesiástica competente.

Eran normais, tamén, as mandas a prol da alma. Esta institución, hoxe bastante anticuada e das que se ocupa especialmente o artigo 747 do Código civil, non significa, evidentemente, que a alma, como tal, poida ser herdeira. O propio precepto aclara o seu significado e alcance: “se o testador dispuxer de todo ou parte dos seus bens para sufraxios e obras piadosas en beneficio da súa alma, facéndoo indeterminadamente e sen especificar a súa aplicación, os testamentarios venderán os seus bens...dándolles a metade ó diocesano...” A xurisprudencia recoñece a validez da institución “ a prol da alma”, e é a Igrexa, loxicamente, a máis beneficiada².

Se recoñecemos o testamento como un acto unilateral, individual e personalísimo, non é de estrañar que o testador deixase constancia dos seus desexos, ás veces unha miguíña pintorescos, pero que, iso é

2 Vid. Sentencias do 17 de novembro de 1896, do 21 de marzo de 1902 e do 25 de febreiro de 1911, en Compendio de Derecho Sucesorio, Editorial La Ley, Madrid 1999.

o importante, sempre se cumprían. Tal é o caso das campás dunha igrexa que deberían repicar todos os días ás doce da mañá, por deixalo así encargado e escrito nas mandas testamentarias unha piadosa señora, iso si, algo poetisa, como me contaba o meu informante. Deixou paga na súa parroquia unha cantidade para que se tocasen as campás todos os días ata non sei que data. Raro testamento, si, señor; pero así mo contaron.

As características antes sinaladas do testamento -acto unilateral, individual e personalísimo- fan supoñer que na súa xestación inflúen moitos e moi variados condicionantes de índole afectivo-sentimental. Porque os bens que se adoitan transmitir están vencellados á tradición familiar e tinguidos de emotivos sentimentos³. De aí que a elaboración do testamento sexa un proceso complexo, mesmo con implicacións psicopatolóxicas, a teor da tese presentada polo antropólogo Xosé Andrés Gago no Primeiro Congreso de Antropoloxía de Galicia, celebrado en 1982⁴. Verbo deste asunto, Rof Carballo tamén atopa connotacións de interese científico

3 Vid. “Unha historia de Amor”, de Victorino Gutierrez Aller, na obra Contos da Xustiza, Ir Indo Edicións, 1991.

4 I Coloquio de Antropoloxía de Galicia. Museo do Pobo Galego, 4-6 de febreiro de 1982. Cadernos do Seminario de Sargadelos, núm. 45. Edicións do Castro.

para comprendermos a personalidade psicolóxica dos galego: "...en Galicia, onde a terra non é algo ó que se lle rende culto, senón algo que está identificado connosco ata firmar unha unidade que, ó se crebar, doe, tal como unha especie de morte da alma, en forma de morriña". É o urdido afectivo ó que se refire no seu ensaio Mito e Realidade da Terra Nai⁵. É o esgazamento dese urdido o que provoca conflitos na identidade das persoas co medio e cos bens patrimoniais.

A institución xurídica da herdanza en Galicia é, pois, moito máis complexa do que aparentemente se poida pensar. A transmisión patrimonial está connotada cun sistema de valores que transcende o meramente económico. Por iso, na decisión testamentaria gravitan circunstancias relacionadas coa cultura e tradición galegas. Eis porque tamén a xestión testamentaria se "remoe no maxín" durante tanto tempo. E faise, claro está, en lingua galega, por ser o idioma da meirande parte dos galegos. Nela fánelle consultas ós notarios e avogados e recóllense opinións dos parentes e familiares antes de formalizar a decisión do documento notarial.

⁵ Mito e Realidade da Terra Nai. Rof Carballo, Editorial Galaxia, Vigo 1957

A literatura galega ten femosas páxinas dedicadas ás decisións testamentarias. Xulio Cuns, que durante moitos anos foi oficial de notarias, escribiu un libro⁶ de gran valor para comprendermos o comportamento dos galegos ante unha decisión tan importante na súa vida. Titúlase O que non quedou no Protocolo. Nel atópanse anécdotas e situacións reais acontecidas no tempo que permaneceu traballando na notaría. Os acordos e trasacordos e as preguntas revesgadas que agochan outras, evidencias a idiosincrasia dos galegos cando teñen que facer o testamento. Porque, efectivamente, non todo o que se pensa e fala queda escrito nos documentos. "Quizais aquilo que puidese ter maior importancia para o antropólogo e o historiador e demais curiosos -dinos- non conste escrito... por exemplo: os acenos. É importante fixarse nos sorrisos e demais acenos que van facendo ó longo da conversa e dos que, naturalmente tampouco queda o seu caritel no frío e satinado papel selado". Como tampouco quedan a emoción e os sentimentos, que non son poucos. Uns confesados e outros non. Somos fillos dos sutís acenos, das finas modulacións da educación, dos agarimos recibidos en que envolveron o noso corpo ou protexeron a nosa

⁶ O que non quedou no Protocolo, Xulio Cuns Lousa. Excmo. Concello de Betanzos, 1992

epiderme, do rigor con que dominaron o ímpeto nacente dos nosos músculos.

Algunhas das obras literarias de Luís Moure Mariño⁷ -nada sospeitoso de galeguismo- son importantes para comprendermos o que estamos a dicir. O autor, que foi notario, tivo que escoitar a centos de persoas que acudían ó su despacho. Nalgúns dos seus relatos descríbemos feitos reais que revelan ese urdido afectivo. Nun deles relata sorprendido porque un emigrante “facultaba igualmente ó apoderado para que venda todos os bens, accións e dereitos que por calquera título lle correspondan, con excepción da póla que mira cara ó poñente do carballo grande de Basán...”. Pero foi o caso que dito emigrante, que estaba en Montevideo, leu o artigo e escribiulle unha carta para aclararlle ó notario o porqué do seu antollo: “Debaixo da sombra do carballo, á vista da nosa aldea, díxome miña nai o seu derradeiro adeus cando decidín virme a Montevideo, e agora, vello e coa tristura que me provoca a distancia da terra á que nunca máis volverei, nesa póla do carballo grande, como vostede di, coido un niño para a saudade...¡Aínda son dono dunha parte da paisaxe onde nacín! ¡Aínda hai algo

7 Fantasías reais, Luís Moure Mariño. Ir Indo, Edicións. Vigo, 1993

que me une á miña terra!...”. Un sentimento pan-teísta, sen dúbida. Pero comprensible. A saudade, ese sentimento dos galegos do que tanto se leva dito, pode provocar esa decisión testamentaria. O mesmo sentimento expresouno Vicente Risco⁸ con outras palabras, cando escribiu: “Eu sei que, como Rosalía de Castro, se me vira no ceo, choraría de saudade pola miña terra.... Non poder levar comigo aquela fonte, aquel carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmida dos amieiros. Terse que separar de todo isto para sempre; quizais chegar a esquecelo. Ai, non. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da alma, e esquecer é deixar de ser; un algo que se esquece é un pouco de alma que morre”. É o urdido afectivo, que Rof Carballo di que percorre, como o plasma xerminar, as xeracións, vai dunha noutra e, en certo xeito, o mesmo que os xenes son inmortais, tamén este urdido goza de vida case perenne.

A desaparición da lingua galega dos protocolos notariais tal como nolo recorda Xesús Ferro Couselo no seu traballo “Como e por qué os escribáns deixaron de empregar o galego”⁹, motivou que os

8 Vicente Risco, O sentimento da Terra na raza galega. Obras Completas. Editorial Galaxia, Vigo, 1994.

9 Vid. “Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo”. Editorial Galaxia, Vigo, 1958.

protocolos notariais se escribisen a partir do século XV en castelán. Este cambio lingüístico foi producindo nos galegos un sentimento perverso: as cousas serias, aquelas que poden ter moita transcendencia para a vida das persoas, deben ser escritas en castelán. Por iso, o Mapa Sociolingüístico de Galicia¹⁰, ó recoller a opinión dos enquisados cando se lles pregunta verbo do emprego do galego nos testamentos, ofrece porcentaxes pouco favorables ó seu uso en tales instrumentos xurídicos. Os máis partidarios -o 20,37%- manifestan que é moito máis axeitado o galego có castelán para a redacción do texto das derradeiras vontades; máis proclive, sen embargo, é o 34%, que manifesta que a lingua galega é igual de axeitada có castelán.

O rito testamentario debe transmitir os nosos valores culturais. Velai porque, xa sexa apoiándonos na confianza que debemos ter no futuro, no desexo de que sexa mellor có presente e tamén na lexislación vixente, que ampara o uso da lingua galega nos actos xurídicos documentados, temos que darlle máis importancia á pervivencia da nosa identidade nacional e ós elementos que a conforman. Nomea-

¹⁰ "Actitudes Lingüísticas en Galicia". Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, 1996.

damente a lingua galega. Facérllela encomenda da súa protección e fomento ós nosos sucesores en actos notariais non está de máis. Non vaia ser o conto de que, por non dármollela importancia que o asunto ten, haxa malos entendidos e que ós nosos fillos e netos tanto lles teña vivir nunha Galicia desgaleguizada. Por insistir que non quede.

O escritor estradense Manuel García Barros expresou ese desexo nunha cláusula do seu testamento: "Fago profesión de amor a doce Terra na que nascín e vivín e na que teño a dita de acougar en sono eterno. Foi Galicia obxecto e ilusión da miña vida. A ela e a súa redención dediqueille as miñas forzas e o meu labor literario. Por ela loitei e sufrín. Desde o máis fondo do meu corazón deséxolle no vindeiro días de prosperidade e ventura". En semellantes termos deixouno escrito don Ramón Otero Pedrayo, que doou a súa Casa Grande de Trasalba para o engrandecemento da lingua e cultura galega. Don Álvaro Cunqueiro, non foi menos, o seu testamento resúmese nunha frase que acadou entre nós notoria divulgación desexando que a lingua galega teña "mil primaveras máis".

Malia termos un ordenamento xurídico que ampara e protexe os nosos dereitos lingüísticos, son poucos os galegos que demandan nas notaríaís o testamen-

to na nosa lingua. Aínda que só fose porque neles se contén unha parte importante de nós, da nosa familia, dos nosos afectos e sentimentos, ese documento deberíámolo redatar en galego, e incorporar nel, ademais, unha manda semellante ás que que reproducimos neste libro. Deste xeito estaríamos a transmitirllas ós nosos herdeiros a obriga de daren cumprimento ó noso desexo de administrar e acrecentar o patrimonio común de tódolos galegos, que é a lingua galega. Non desherdemos a nosa lingua.

Xosé González Martínez

Secretario da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia



Mandas Testamentarias



Por último, lego o contido da miña biblioteca e discoteca ó meu fillo, saberdor da miña paixón pola lectura e pola música, co encargo de que coide delas e de que as aproveite e goce en todo canto lle apeteza xa que, tanto unha como a outra, foron fieis testemuñas da miña vida: en especial, transmíttolle a miña biblioteca en idioma galego e a miña discoteca na nosa fala, na seguranza de que conservará de por vida o vínculo da fala que o uniu sempre ó seu pai e ós seus avós. Ogallá llelo poida transmitir tamén ós seus fillos, coa esperanza de conservar a fala galega viva e florecente.

Xullo Alberte Feixóo

Avogado

*B*enqueridas Blanca e Irene,

Desexo e agardo, que aínda nos quede tempo para gozar xuntos da vida.

Tempo para aconsellarvos como pai nas encrucilladas as que ides facendo fronte segundo medrades e madurades como persoas. Tempo para compartirmos inquedanzas, as miñas e as vosas.

Sabedes que pouco capital máis que a vosa formación vou poder deixarvos e que sempre por enriba das miñas necesidades materiais está, e estará, o crecemento do voso capital intelectual e profesional.

Empeñeime en que forades cidadáns do mundo, estudando fóra do fogar, que tiverades capacidade e perspectiva ampla para comunicarvos, respetardes e comprenderdes outras culturas no mundo amplo e globalizado no que vivimos.

Sodes multilingües, capaces de comunicarvos cunha grande parte dos cidadáns do planeta. E incluso ti, Irene, tes a posibilidade de falares unha lingua minoritaria como é o catalán ique sinxelo e natural foi a túa integración nese idioma! quizais polo bilingüismo da nosa terra, quizais porque na casa, na familia e na contorna respetamos

de igual xeito o falar en galego coma en castelán, porque sentides o orgullo da nosa cultura e percibides a mesma como non excluinte.

Pero apoutamos en tempos treboentos, ventos xélidos de desprezo e escuras forzas na procura de arrombar a nosa cultura e o galego coma lingua de comunicación, co medo de que algún día puidera acadar niveis parellos ó español.

Por todo isto pídovos, que agora e despois de que remate a miña vida sigades amando e crendo na nosa lingua e cultura, no enorme privilexio e orgullo de serdes e sentirvos galegas, do mesmo xeito que

meu pai, o voso avó, inculcoumo
a min.

Bicos.

Alvaro Álvarez - Blázquez

Fernández

Presidente do IGAPE

*A*quí queda o meu corpo, mais, o meu espírito será águia para afastar destas terras a todos os que non nos queren, gaivota para espreitar que non estraguen as nosas rías, andoriña para procurar que os fillos que abandonaron esta terra volvan aos seus niños e reiseñor para alegrarvos os días co meu canto.

Lembrade que sodes herdeiros de Breogán. A súa herdanza é para os vosos fillos, netos e para todos os que están por vir. Conservade a nosa lingua e sentirvos sempre orgullosos de serdes galegos .

Encarna Álvarez García

Vicepresidenta da Confederación
de Empresarios



*P*ídolles á miña esposa e ós nosos fillos que conserven no fogar e que lles transmitan ós meus netos o amor que lles é debido á fala dos nosos devanceiros, o idioma no que se expresa o noso pobo dende hai preto de mil anos, o que fixo transcender, de xeración en xeración, a identidade de Galicia, a ledicia das festas, as palabras do amor paterno, materno e filial, o feitizo do achegamento dos namorados, os sabios consellos dos maiores, o consolo na dor, a grandeza das cousas miúdas nas que cavilan a cotío os homes e as mulleres e, en fín, o devir agridoce dos traballos e dos días, porque nese ser da nosa terra vai a herdanza

verdadeiramente perdurable que vos podo deixar.

Alfonso Álvarez Gándara

Decano do Colexio de Avogados
de Vigo

*A*os que continuades o camiño, aos que decidistes coller o testemuño, tantas veces herdado, do que nos é propio e á vez de todos. Sabede que o que se vos encomenda identifica a todo un pobo, pero non por iso debes sobreprotexelo; é unha forza viva, deixádea medrar e ela, agradecida, orientaravos. Sabede tamén que quen andamos antes ese camiño non ficamos atrás; andamos canda vós, dámosvos conversa e aconsellámosvos, dando razón de ser a ese camiño cuxa meta é o propio pracer de percorrelo. Non temades buscar no particular a chave do universal, pois é a singularidade o que fai extraordinario ó ser humano.

Carlos E. Ames

Empresario

Sabede que, desde a nosa casa, próxima ó carballo mítico das cenpólas, séntese a presenza do señor Xoán M. Pereira debullando lembranzas cos seus, tras das súas viaxes por medio mundo, e soño que dun momento a outro vai saír do seu pazo... E non paso o tempo, e todo volve de novo a ser como se o Pereira cabalgase polas congostras e corredeiras da súa parroquia, que é a nosa..., e vexo tamén a Otero Pedrayo tras del.

Desde a fiestra tamén vexo a casa labrega da parroquia, e imaxino que á miña morte irá o féretro cuberto coa bandeira vermella da sociedade, como facían en tempos cos socios, e o crego dirá o res-

ponso no galego dos meus avós e bisavós, emigrantes que, alá onde foron, mantiveron a súa lingua, que era a do Pereira, a miña, e espero a vosa.

Confío en que non desaparezan estas lembranzas co voso pai...e en que, a onde vaiades, conserveades na vosa mente este val, esta casa, esta historia e esta lingua, que é a da nosa familia desde o seu inicio.

Este é o meu derradeiro desexo.

Gonzalo Amoedo López

Policía Local

Si algo nos ensina o paso do tempo é que os bens máis prezados son os inmateriais: Os nosos pensamentos. Queremos, choramos, sorrimos, traballamos en galego, vivimos en galego; esa é a mellor garantía que ten o noso idioma.

O privilexio que temos por ter nado nesta terra fainos posuidores dunha cultura e dun legado que debemos manter, pois neste intre somos o eixo de transmisión entre o que fomos e o que sere-mos. Agora é cando decidimos, en certo modo, qué queremos ser.

A sociedade é a garante do futuro da cultura propia, tendo como nexo de unión entre os nosos de-

vanceiros e os nosos sucesores o idioma, verdadeiro piar da cultura galega.

Penso que medrar é facerse cargo das responsabilidades que debemos asumir. Os nosos devanceiros tiveron morriña da terra; é a nosa responsabilidade, a que nos fai medrar como país, o garantir que as vindeiras xeracións non teñan morriña da nosa lingua.

Jorge Andión López

Avogado

*T*ras dispoñer dos meus bens materiais, cómpre dispoñer dos que estimo máis prezados, os inmateriais; e para tal efecto, constituí fideicomiso sobre os bens que recibín dos meus devanceiros –a lingua, a arte, a música, en fin os bens espirituais–, a cargo dos meus herdeiros, coa encomenda de que os conserven mediante o seu uso continuado e de que llelos trasmitan, tamén, ós seus herdeiros coa mesma manda, de xeito que os devanditos bens non se perdan e sexan transmitidos ós nosos descendentes ata o futuro.

Dixen.

Miguel Aramburu García-Pintos

Xuíz do Xulgado do Penal 2 de Vigo

*M*iguel Anxo Araújo Iglesias, bispo emérito da igrexa de Mondoñedo-Ferrol, ó sentirse preto do seu pasamento definitivo: declara que a súa última vontade é que os seus herdeiros familiares reciban, como a súa herdanza principal, o seu amor a Galicia e, sobre todo, o seu amor á nosa lingua galega.

Pregalles ós seus testamenteiros que lles entreguen esta herdanza canto antes e sen custos, para que, dese xeito, se sintan os ditos herdeiros sempre vencellados ás súas raíces e non esquezan nunca a súa identidade galega, que será sempre unha gloria de toda a nosa familia. Saiban que Deus

entende moi ben o galego e ata
o fala.

Dada en Ourense, o día 29 de
outubro de 2002

Miguel Anxo Araújo Iglesias

Bispo emérito, que foi,
de Mondoñedo-Ferrol

E por último, feita a relación dos escasos bens materiais, paso a facervos legado do maior ben do que son posuidor, o maior tesouro que meus pais me puideron deixar en herdanza e que eles recibiron dos seus: o amor á terra e á lingua. A lingua na que desde o berce sempre me falaron e falei. Nela contáronme a historia a carón dunha lareira, faláronme da Santa Compañía, do mal aire e das meigas, e de que o sementar e o recoller tamén ten a súa ceifa. A lingua que, cando por necesidades materiais me tiven que ausentar do país, foi o cordón umbilical a través do que recibín o alimento do espírito de galeguidade que me mantivo unido á terra. Este é o maior don que vos podó

legar. Recibídea co mesmo cariño que eu a recibín, defendédea, falá-dea e trasmitídellela ós vosos descendentes, para que a nosa lingua se manteña viva no tempo.

Gonzalo Balo Mosquera

Traballador de Citroën

Pídovos aos meus herdeiros que saibades gardar, promover e defender a nosa lingua e a nosa cultura galegas, patrimonio herdado dos nosos devanceiros que nos identifica no mundo como habitantes deste recuncho chamado Galicia.

Seguide no que poidades a máxima que D. Álvaro Cunqueiro lle deixou por escrito ao meu pai, D. José Barja Prieto, paisano seu, na dedicatoria do seu “Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala”: “Deber primeiro de todo patriota é coñecer ben a súa lingua. Na Galiza, Marzal de 1935”.

José María Barja

Reitor da Universidade da Coruña

*D*eclaro que a miña derradeira vontade é que os meus herdeiros familiares reciban o maior tesouro que meus pais me poideron deixar en herdanza, o mesmo que eles recibiron dos seus e que con maior agradecemento levo dentro de mín, o meu amor á nosa terra e á lingua galega.

Porque cando xa non estea convosco e só quede na vosa memoria e nos vosos corazóns, cando as miñas cinzas sexan espalladas ao solpor para fundírense no mar fronte á fermosa paisaxe do Monte Luro e da praia de Area Maior (que fermosas lembranzas), fareino coa esperanza de que esta manda sexa cumprida, porque mentres alguén

dos meus ou co meu sangue man-
teña este amor á nosa terra e á
nosa lingua, eu estarei, dun xeito
ou doutro, aínda vivo.

Manuel Barreiro Barreiro

Funcionario Concello de A Estrada

*D*esde rapaz tiven ó galego como primeira lingua. Na miña casa foi a lingua de comunicación entre nós, os irmáns, e os nosos pais. Sendo estudante na universidade, participei en cantos eventos culturais se organizaban para dignificar e normalizar a cultura galega. Como xuíz, utilicei en todas as actividades profesionais a lingua galega. Ditei milleiros de sentenzas e resolucións xudiciais no noso idioma. Síntome orgulloso de que foi de corazón, pensamento e acción. Agardo que secundedes o meu exemplo, e gustaríame que cando eu xa non estea, non só me recordedes como un home que fixo todo o que puido por dignificar a lingua galega. Pídvos que

fagades outro tanto coma mín. Facéndoo así, honrarédesme, e o cariño pola miña memoria será auténtico.

Xosé Xoán Barreiro Prado

Maxistrado da Audiencia Provincial
de Pontevedra

Eu, Xosé Luís Bernal López, coñecido polo alcume de Farruco, nado e criado na cidade de Santiago de Compostela, con domicilio actual na rúa das Orfas da mesma cidade, casado e con tres fillos, con todo o meu siso, ordeno a miña vontade testamentaria do seguinte xeito:

1°. Léggolles a todos os meus, e por partes iguais, a casa da aldea de Soutomaior, onde a miña tía Manuela, unha velliña analfabeta e sabia, me ensinou a falar en galego, nuns tempos nos que falar galego era “pecado”.

2°. Así mesmo, o chapeo e os zocos de Farruco, cos que percorrín centos e centos de festas e roma-

rías, referindo contos, historias e lendas inspiradas e extraídas da cultura popular.

3º. O afervoadado desexo de que os meus fillos sigan a manter e defender unha fala, que unha sociedade hipócrita e desleigada, tentou prohibirlle ó seu pai.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de dous mil dous.

Xosé Luís Bernal López *Farruco*

Humorista e actor

Eu, Anxo Barrera Dopazo, nacido en Maceda, Provincia de Ourense, veciño desta capital, casado con María Concepción Aldemira Requejo coa que tivo o fillo Anxo e as fillas María e Lucía, poño de manifesto o meu derradeiro desexo:

Cando eu morra, quero que os meniños mamen o leite da lingua, a cultura e o espírito do noso Pobo.

Cando eu morra, quero que os rapaces e rapazas aprendan a bailar a muíñeira.

Cando eu morra quero que un carro cante.

Cando eu morra, quero que a gaita cante máis que chore.

Cando eu morra, quero que as anduriñas traian lembranzas dos irmáns que teñen saudade da Terra e endexamais leven un adeus.

Cando eu morra, quero que a nosa xente siga a comer o polbo na feira.

Cando eu morra, quero que se perciba o arrecendo da empanada saída do forno dun pobo.

Cando eu morra, quero que as xoubiñas leven o acompañamento de pementiños de Herbón e Padrón.

Cando eu morra, quero que se escoite o vento cando acariña a frouma dos piñeiros.

Cando eu morra quero que nosos mozos e mozas, descubran a cor do espirito e a bandeira da Patria Galega nas lapas da queimada e aquelas lles alumeen o camiño comezado polos nosos devanceiros.

Cando eu morra quero que sexa na rompida dun día azul con brétema.

Cando eu morra quero que a Galicia do Universo, endexamais morra.

Maceda a 29 do Setembro do
ano 2008

Anxo Barrera Dopazo
Comisario Policía Nacional
de Ourense

De min non ides herdar ningún ferrado de terra nin un pazo señorial. Poucos serán, se algúns, os cartos que vos van quedar. O meu empeño será deixaros só cousas importantes, cousas que eu mesmo recibín a medida que ía medrando. Respecto pola vida e pola nosa terra; respecto pola auga que a enchoupa e que a fende; respecto polo aire que a acarriña; respecto polo noso mar. Respecto polas persoas, pola súa fala e polo seu pensar. Respecto por quen é da casa e tamén polo de fóra, o mesmo de se usa zocas ou tacóns para camiñar. Disto nunca vos desprendades, do resto xa se verá.

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade
de Santiago de Compostela

É tamén desexo dos vosos pais que perseveredes sempre no amor á terra, honrándoa en toda ocasión e sentíndovos orgullosos de formar parte dos seus fillos, alá onde a vida vos leve. Polo mesmo, tal como se vos inculcou dende o berce, facede que a lingua dos nosos devanceiros, que os vosos pais vos transmitiron con tanto amor, primeiro fóra de Galicia, na vosa Barcelona natal, e despois na nosa terra, sexa tamén a dos vosos fillos e netos, mesmo se as vosas profesións, obrigas ou relacións fan que teñades que vivir lonxe do fogar de Breogán. Non permitades que morra endexamais o mellor dos nosos tesouros, que é a nosa lingua propia, a do noso pobo benquerido de Camariñas, a que vos falan sempre a vosa

inesquecible bisavoa e as vosas tan estimadas avoas, e a que mellor nomea e define as nosas cousas; nin vivades alleos ó mundo cultural que nos é propio e que conformou sempre a vida do noso fogar.

Xosé Luís Blanco Campaña

Xornalista

Cada etapa da nosa existencia vén marcada por uns feitos que van aparelados coa idade física de cada quen, achegándose un momento da mesma onde trala sementeira e colleita posterior, unha vez feita esa nai que fai levedar o pan de cada día, debemos fixar a herdanza para aqueles que deben continuar ese vieiro que nós comezamos e que constitúen e dan senso aos núcleos familiares.

Máis aló dos bens materiais que circundan a nosa condición de humano, coas bondades e miserias dun duro percorrido cara a noite longa, non sempre doado de facer, son as espiritualidades e bens intanxibles o que producen

inquietudanza en min, mais que nada por ignorar o uso que deles farán os meus herdeiros.

Dentro destes bens, é definitorio do noso carácter de Galegos a fala que nos singulariza, ferramenta vehicular para a normalidade das nosas relacións como pobo, e a cal tratei de empregar sempre que puiden, mais aínda nos anos en que por razóns profesionais estiven lonxe da terra. As excusas e os motivos foron moitos, que se o San Bieito, o Entroido, o Apóstolo, non sei, pero sempre rodeados dun aparello lúdico-gastronómico vinculado co País, facían que o fondo da cuestión era apegarnos a unhas raíces que non queríamos soltar e menos esquecer.

Este ben que eu deixo é o mellor dos meus tesouros, e pido que permaneza e se cultive debidamente como honra da miña memoria, pois con maior ou menor éxito a miña existencia foi artellando as formas para vivir e sentir en galego. Serei feliz no tránsito cara ao descoñecido, se os meus, lonxe de músicas sonoras ao carón das cinzas finais, musitaran paseniñamente as notas da negra sombra como tributo dun devanceiro que amou a súa terra.

Manuel Bouzas Canosa

Xefe Policía Autonómica

Eu, en pleno uso de todas as miñas facultades mentais e sentimentais, quero deixar escrita esta manda testamentaria para agasallarvos con algo que é parte de min, como parte de min son as ferverzas, as rías, a saraiba, a néboa, os amenceres da miña terra e os solpores de xeadas nas noites de moito luar, cando a poalla é regalía de vida.

Vivín na cultura e cultura de min e de nós é o que quero deixarvos. Para que a amedes e transmitades aos vosos descendentes coma eu a recibín dos meus devanceiros. Déixovos as palabras fermosas da miña lingua. Déixovos palabras de amor. Coidade, xa que logo, desta herdanza: de amor, de agarimo e

de aloumiños. E de todas as outras verbas que foron doazón de luz e poesía: andoriña, vagalume, amén-doa, amorodo, funcho, bolboreta.

Nai e pai. De min para vós. Para todos.

Guillermo Brea

Director da Obra Social Caixanova

A ti, Lois, e a ti, Maruxa, pídivos que, abertos sempre ó mundo e a toda realidade diferente, a pertenza a Galicia, coa que se identificaron os nosos e coa que quixen que vos identificardes vós dende cativos, llela transmitades ós vosos fillos e que eles fagan o mesmo cos seus. E así, cando digan agarimo, bico, nai, pai, quentura..., cando entren nunha carballeira, camiñen polas terras de Sobrado, recen ou garden silencio no seu mosteiro, ou vaian a Compostela, saiban que nesta paisaxe e nesta lingua fomos, somos e seremos nós. E nelas, na lingua e na paisaxe, haberemos de encontrarnos os que fomos e serán, para sabermos todos que somos nós.

Lois Caeiro

Director de El Progreso

*F*ago constar a miña derradeira vontade consonte ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Légolles á miña nai Alicia e á miña irmá Sonia, para que ésta llela transmita ós seus fillos a paixón e mailo orgullo que herdamos do noso pai por sermos galegos, polos sons da nosa fala, a riqueza dos nosos costumes, os olores e as sombras dos castiñeiros da Terra Chá.

Segunda.- Légolles ás miñas fillas Alicia e Irene, ó meu home José e ó meu meniño que está por vir de terras lonxanas, o que puiden aprender das xentes que teño coñecido, a diversidade do pen-

samento e da cultura, o respecto afondado a tódalas persoas por sermos iguais de feito e de dereito, e o valor do esforzo polo ben facer.

Terceira.- Léggolles ós meus amigos os recordos imperecedeiros que levo na memoria de tódalas boas e malas horas que temos vivido, de tódolos sorrisos e tamén dalgunhas bágoas que nos fixeron medrar.

Isto que lego é o que máis atesouro, os bens e as posesións pasarán e ficarán.

Alicia Calaza López

Notaria da Estrada

O galego é -sabédelo- unha lingua transmitida durante máis dun milenio, de xeración en xeración, mesmo coas maiores dificultades, persecucións ou escarnios. É o idioma que nos une como galegas e galegos, como nación viva e en marcha e tamén que nos vincula na historia con todas e todos os que van alá, mesmo os que non acreditamos en que exista outro “alá” cando o corazón deixa de latexar. Coa lingua herdades a responsabilidade de avivala, mantela, usala, transmitila e defendela, porque é a lingua vosa, o eixe da Galiza ao longo dos séculos. Se vós non a avivardes, manterdes, usardes, transmitirdes e defenderdes, nin-

guén o fará por vós. Lembrádeo:
ninguén o fará por vós.

Carlos Callón

Presidente da Mesa
pola Normalización Lingüística

Déixovos tamén a fortuna e os deberes de compartir co mundo enteiro o que nos eleva como humanidade e a herdanza do que sempre tivemos por noso (un pobo, unha terra e unha fala), procurando esa casa acolledora e xenerosa na que todos poidamos ter un lugar para vivir, sen esquecer os demais. Légovos, porque dos nosos devanceiros chegou así a min, a obriga de coidar ese fogar común para os que han de vir, lembrándovos que hai moitas árbores das que nunca poderíades gozar se alguén non as plantase para vós moito antes de nacerdes. E transmítovos o desexo de que procurades, lonxe da nugalla, os valores da cultura, o amor e a paz.

Tucho Calvo

Xornalista

“Derradeira vontade”

Cando digan que fun e non estea,
cando a terra por min o ventre
abra, quen quixere pregar alce a
palabra que tiven eu na boca, e
non a allea.

Non me deixen vagar nesa estadea
que co medo e a noite a mente la-
bra, non me neguen, por Deus, o
abracadabra para sair da cova o
onde clarea.

Déixoo dito aquí coa sinatura,
Humildemente o digo, mais re-
clamo

Que non me cuspan sobre a sepul-
tura:

Prefiro do silencio o simple ramo
sobre a pedra calada, fría e dura se
non rezan por min na lingua que
amo.

Marica Campo

Escritora

O obxecto de facer transmisión formal do noso herdo, e en uso das nosas facultades plenas, a miña muller e máis eu, de común acordo, mandamos que, ademais dos bens materiais que no seu lugar se axunten, queremos corresponder ás nosas fillas co legado da memoria das nosas raíces, na idea de que sintan sempre o lugar das súas orixes, do que emanan o sentimento familiar e os principios que han guiar as súas vidas. E aínda é desexo noso, e así o facemos constar tamén, que manteñan aceso o exemplo que recibiron polo respecto ós demais e polo coñecemento e cultivo da nosa realidade, con atención especial á nosa lingua

ás nosas tradicións e ás nosas manifestacións culturais.

Francisco Campos Freire

Xornalista

A vida dunha persoa pasa lixeira como a auga do río. Víame onte neno, logo adulto, hoxe irremediabilmente vello. Xa non camiño para ningunha parte. Remataron as présas. Non me agarda unha esgotadora xornada laboral, nin as mans dunha rapaza namorada, nin os chorados amigos que se afastaron para sempre.

Dende o privilexiado cume da experiencia acumulada, ó longo dos anos, pódese diferenciar mellor o transcendente do accesorio, o necesario do pulo do vértice diario que nos confundiu, o esencial do anecdótico, o grao da palla. Légo-vos e encoméndovos que gardedes como alfaias o máis prezado que

coñecín e puideren gozar ó longo destes cansados anos: a nosa memoria histórica, o medio ambiente, o patrimonio monumental e a lingua. Atesouran o factor diferencial co que todos os galegos deben afrontar o futuro.

Xosé Manuel del Caño

Xornalista

“...e nomeo herdeiro ao meu único fillo, Román, home bo é xeneroso, a quen deixo o escaso patrimonio material que posúo: a vivenda, as leiras, as ferramentas, e todo de canto me pertence que se poida pesar ou medir.

Lego ao meu fillo, e a quen descenda do meu fillo, o usufruto universal e vitalicio do patrimonio inmaterial que recibín dos meus devanceiros, nomeadamente, o noso idioma, a nosa fala, a nosa lingua.

Mando, por esta derradeira vontade testamentaria, que este legado inmaterial sexa coidado, conservado e enriquecido polos meus

legatarios e, xa que é patrimonio do pobo, sexa compartido por todas as xentes de ben ate o fin dos tempos.”

Xosé Carballido Presas

Director Xeral de Estruturas
e Infraestruturas Agrarias

Eu, Xosé Chao Rego, nado en Viralba o 23 de abril de 1932, perante o notario declaro:

Que sempre menospreciei, un algo máis da conta, o diñeiro e as posesión dos que é modesta administradora a miña muller, Sari. Dun seu anterior matrimonio é filla Sara, que me distingue co título honorífico de pai. Casou con Luís, e teñen dous fillos que me chaman avó e así, sen dispendio xenético ningún, pasei a ter netos.

A eles, Roi e Iria, lego o meu modesto capital simbólico: senllas sandalias e un camiño, o que eu mesmo fixen peregrinando pola Terra Chá ata o seu extremo na

serra de Meira, no Pedregal de Irimia, onde nace o Pai Miño. Alí me bauticei simbolicamente -“Eu renazo galego”- e, tralo casamento da galeguidade e a fe cristiá, recobrei a fala. Queiran, Abraham e Breogán, que os meus netiños, xa encamiñados, se vaian facendo irimegos, da familia de Crentes Galegos.

Xosé Chao Rego

Teólogo

*A*demais de todos os bens materiais, déixolles ós meus herdeiros as sementes para colleitar un profundo e sincero amor por este país. Déixolles a Xulio e a Antía estas sementes que recibín dos meus pais e familiares, dende o primeiro momento de naceren, e máis tarde de todos os galegos que cultivaron este nobre sentimento, deixándoo gravado e impreso na nosa lingua, en moitos manuais, enciclopedias, creacións literarias e artísticas cos que convivimos na nosa casa e na nosa contorna. Entre estas sementes atópanse as forzas para loitar por este país, con medios pacíficos, co convencemento de que o esforzo colectivo de todos os galegos servirá para

construírmos unha terra próspera
e libre, nun mundo tamén libre,
pacífico, xusto e solidario.

Xosé Manuel Cid

Decano da Facultade de Pedagogía
de Ourense

Elogo de dispoñer de todos os meus
bens materiais en prol da miña
muller e dos meus fillos, légovos
o meu patrimonio espiritual, co
rogo de que o acrecentedes con
estas mandas:

- Nacín e desexo morrer na fe ca-
tólica dos meus antergos, e pído-
vos que me teñades presente na
vosa oración na nosa lingua
- Vivín e traballei nesta terra,
sen saír dela. Conservade e de-
fendede a súa fala e maila súa
identidade histórica e cultural,
para que vos chamen galegos
con razón.
- E cando chegedes ata A Guar-

da mirade ó infinito do mar e do ceo, onde estarei agardando por vós.

José Ramón Cólera Leirado

Asesor Xurídico do Valedor do Pobo

*M*on vos hei maldicir, nin volo hei ter en conta, pero sabede que malia o moito que xa vos teño amado, a vós, miñas tres fillas, aínda vos hei amar moito máis e tenramente se a lingua que vos aprendín de nenas e na que vos dixen as cousas máis sentidas, aquelas que xurdiron do meu corazón de pai, é a que vós sabedes vosa e a que lle transmitides con amor á xente que veña ocupar o voso lugar no mundo.

Heivos bendicir, miñas tres rulas, se facedes iso que vos digo sen deixar de saber que ningunha outra lingua vos debe resultar estraña, que ningunha outra vos debe resultar allea e que todas elas

deberedes defender -máis a propia, claro- daqueles que as maltraten, daqueles que as opriman e pretendan esmagalas; porque con elas, con todas as linguas, nace a liberdade de cotío, e porque xa sabemos, meus tres amores, que unha lingua non é nunca inimiga doutra lingua, senón que o seu inimigo é tan só aquel que pretenda a propia como a única e exclusiva, o seu pensamento, o único e demolidor dos outros, a súa verdade a boa, as demais malas, totalitarismo en estado puro, como vós e máis eu sabemos a estas alturas do camiño.

Alfredo Conde Cid

Escritor

dispoñendo destes bens, que foron tamén vosos e que o son agora totalmente, entre eles e xunto con eles, quero facer unha derradeira manda, vontade e obriga: que o gran ben común que herdamos, e en vida compartimos, da nosa lingua e da nosa cultura manteñades, acrecentedes e unifiqueades; e que llelo transmitades ós vosos, como algo dos que foron, dos que fomos, dos que soades e dos que virán.

Xesús Costas Abreu

Asesor xurídico do Concello de Vigo



A miña filla Beatriz déixolle, en primeiro lugar, a xustiza cumprida como lle corresponde, pero tamén de seguida as palabras que recibín dos meus e que temos falado, as flores inesperadas, as músicas inesquecibles e as que aínda non escoitamos, os libros ós que sempre un volve pero tamén os que aínda han chegar, o veciño cordial, os xogos que tivo de nena e que terá de muller para con eles divertir os seus netos, a auga petando nos vidros mentres o vento zoa nas pólas, o regueiro con troitas coma esquíos, os nenos coma raios arrolando polo prado mentres o canciño non sabe qué facer, a

cálida man amiga; en fín..., a vida
que se soña para unha filla.

Xosé Luís Couceiro Pérez

Profesor da Facultade de Filoloxía
da Universidade de Santiago

*A*índa que non dispoño de bens
mubles ou inmobles de gran va-
lor, sen embargo, considérome
propietario doutras pertenzas
moi valiosas. Quero, para des-
pois de min, que quede disposto
o seguinte: deixarlles ós meus
fillos todos os bens do patri-
monio familiar, segundo dispo-
ño. Tamén quero que herdedes
esoutros bens ós que me refiro
como valiosos, que son os que
constitúen o cume e os valores
para sermos máis nós.

Déixovos a historia e o patri-
monio cultural deste noso país
con todos os seus mitos, os seus
valores e todo canto conforma
a espiritualidade de Galicia, ós

que eu lles dediquei moitas horas da miña vida. Légovos outra riqueza, a mellor do patrimonio común, a lingua que recibín dos meus pais, a lingua que sempre falei e defendín, a lingua que nos permite comunicarnos con millóns e millóns de persoas. Asumídea, faládea, transmitídella ós vosos fillos. Para ben e gozo do mundo; para que Galicia continúe.

Andrés Couñago Laxe

Traballador de Citroën



Logo das partillas do meu patrimonio que para vós quedou ordenada, déixovos tamén a administración e perpetuación dun outro legado que xa en vida vos fun outorgando: o patrimonio inmaterial da miña palabra e memoria, que eu xa recollera dos meus pais, que a vós vos foi dada, e que é o meu desexo que pase ós vosos fillos e fillas do porvir; isto é, todos aqueles contos e romances que recollín dos beizos da avoa Sefa e que tantas noites adurmiñaron tamén os vosos sonhos; outrosí, as cantigas e as coplas que meu pai me ensinou de cada xeira e traballo das anadas e que tantos seráns cantei convosco. Este foi o maior tesouro que

deles recibín e que con maior agradecemento levo dentro de mín: a lingua e a memoria.

Que ningunha palabra morra no voso peito nin no dos vosos fillos. Mandado vos deixo, polo tanto, que todo este patrimonio inmaterial da nosa memoria e do noso idioma perviva para sempre a través do voso testemuño.

Xosé Couñago Rivera

Profesor de Filoloxía Galega

*N*esta hora solemne na que dispoño a miña derradeira vontade, quero pedirllas ós meus fillos e herdeiros o que considero de importancia capital, non xa para min e para a miña dona, como as obrigas antes establecidas os coidados e alimentos que os pais precisemos en saúde e en enfermidade, senón para todos, como habitantes do país galego. Os vosos pais naceron e viviron en Galicia e nela morrerán. Nela nacestes vós e os vosos fillos e os bens deixados neste testamento son terra, predios e casas dun país concreto, cunha historia e cuns nomes determinados, que só se din propiamente na lingua galega. Nela amosáronvos a vosa existencia nun lugar de Galicia e nela dixéronse e

dinse os milleiros de palabras que lle dan forma e color.

É o voso deber para connosco e para o país, que é o mesmo ca dicir, para con esa nai que é a que todos nos abrangue e abeira, conservar e acrecentar ese patrimonio de galeguidade que vos transmitiron en vida e no que atopa o seu pleno sentido a asignación de bens da nosa herdanza, cos seus camiños, lugares, penedos, bosques, soutos, fontes, cubertas dun mesto tapiz de fermosos nomes, lingua na que felices lles falamos e na que nos interpelan.

Que así sexa.

César Cunqueiro González-Seco

Notario en Vigo

Ghristus. Eu, celoso coidador da educación, Celso Currás Fernández, do territorio de Trabada, morador na rúa das Escolas, estando san de mente, fago testamento a favor das miñas fillas, Lucía e Carmen. De propia vontade, outorgo todos os meus bens, que herdei dos meus proxenitores, na freguesía do lugar de Santa María de Trabada, ó pé do monte Picato, no val de Trabada, ás supranominadas, coa obriga de que cultiven a lingua e espallen a cultura dos nosos devanceiros. De non cumpriren esta obriga, paguen outro tanto ós que han coidar do fomento da lingua e da cultura do vello Reino de Galicia.

Outorgado e asinado en Sant-Yago, a dous días andamos das Kalendaras de novembro, do ano do Señor de dous mil e dous.

Celso Currás Fernández

Ex-Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

*L*ueridas,

sabedes que non tiña présa por deixarvos, sabedes tamén que estaba gozando dunha prórroga que non era indefinida. Coidaba, tempo atrás, que recibido o aviso de que estaba nun proceso transitorio ía planificar con tempo a miña despedida deixándovos os menos problemas pendentes, pero o certo é que pasados os momentos críticos téndese -é o meu caso- a adiar iso indefinidamente até que non avisen de novo. Agora, sen tempo, apúranme para facer a última manda; o reparto dos bens materiais é cousa vosa, sei que sodes xenerosas e que o faredes ben.

Ao longo da nosa vida en común

compartimos intensamente momentos bos e algún non tanto. En todo caso, sempre houbo unha constante, a da coherencia coas nosas ideas de amor á xustiza e á liberdade. Ben sei que na miña ausencia ides continuar, como ata agora, cunha forma de vida aberta á modernidade e ao tempo coas raíces na terra, con amor ao país e ao noso. Temos falado moito que sendo galegos seremos máis importantes nun mundo que non promociona a diferenza pero que a valora se esta se fai valer. Nisto tamén vos pido que sigades sendo coherentes, a pesar das incomprensións que poidan vir de mentes estritas.

Lembrede que entre os meus orgu-

Ilos figura o de ser un dos primeiros profesores que na Universidade, nos últimos anos do franquismo, deu aulas na nosa lingua como acto de reivindicación e protesta e que dende aquelas seguín fiel á nosa lingua que, como temos falado, é a mellor herdanza da nosa historia colectiva como pobo. Lembrádelles este feito aos vosos descendentes e amigos e coidade que non o esquezan nunca.

Adeus, non teñades présa en seguirme. Eu cumprín no tempo que me deixaron, agora tócovos a vós seguir as vosas vidas e facelo neste país, nesta paisaxe, nesta cultura que tanto amamos.

Ceferino Díaz

Deputado



Quero transmitirles ás xeracións futuras a esperanza e a ilusión de que a paz será, por fin, un dereito humano, recollido como tal na vindeira Declaración universal, a que está por facer, para que a guerra sexa, para sempre, abolida, como un imperativo moral deste século, e que os valores e principios da cultura da paz prevalezan fronte á cultura da violencia.

Onde a man alzada deixe paso á man tendida, e o diálogo e a concordia, triunfen, por fin, diante da imposición e da inxustiza.

Porque construír cultura de paz, con nós mesmos, cos outros, cos distintos, cos diferentes, é cousa

de cada un, de cada día, de todos os días, un patrimonio que se debe fortalecer e ampliar, unha utopía pola que merece a pena vivir e trasladarlles, en herdanza, a todas as persoas de ben, boas e xenerosas, que son a gran maioría da humanidade...

E que mellor se o facemos na lingua propia de Galicia, en galego, sendo fieis ao legado dos que nos precederon, daqueles que con tanto amor construíron a nosa singularidade no mundo...

Manuel Dios Diz

Presidente do Seminario Galego
de Educación para a Paz

Eu, Celso Domínguez Domínguez, nacido en Rodicio de Seoane, Allariz, terra de millo e castañas e casado con Inés en Beade, no Ribeiro do Avia, déixolles ós meus fillos o souto do Covelo para que cada ano, cando polos Defuntos vaian coller as castañas, saiban dos seus avós paternos os nomes de Soutarenga, Longueliña, os Toxás, Lameiro do Trigo, Caroceiras, Lamalonga...

Asemade déixolles no Ribeiro as castes do brancellao, o caíño, o sousón e a treixadura, por se cos anos, lles dá por seguir a tradición familiar.

E por último déixolles o piano,

a fruta, o acordeón, o violín, e sobre todo a trompeta e o fliscorno do avó Pepe, para que sigan soando na nosa terra alalás, foliadas, muiñeas e cantos de vendima.

E o recordo da súa nai, falándolles sempre na nosa lingua.

Celso Domínguez Domínguez

Colleiteiro

O amor pola nosa terra e pola lingua, presidiu os meus actos durante toda unha vida, que dediquei á práctica da medicina e á mellora do meu pobo. Quixera que despois miña, viñesen días de mellora para dous aspectos que están amplamente dedicados a mellorar a vida dos nosos semellantes. Tamén me gustaría que a continuidade do noso labor camiñase pola vía do entendemento de todos aqueles a quen tratei e quixen, respectando sempre o noso medio, a nosa cultura, e en especial a nosa lingua.

Puiden presenciar o pulo que experimentou o noso idioma dende tempos moito máis difíciles. Agar do que as liberdades conquistadas

con tanto esforzo, sexan o campo no que medren as fermosas palabras dos nenos e as nenas do noso pobo, máis alá das incertezas do futuro que a cada xeración lle toque vivir.

José Antonio Dono López

Alcalde da Estrada

Quero engadir unha derradeira manda a este meu testamento: a miña vida dediqueina ó teatro galego. Foi un esforzo enorme, pero pagou a pena. É unha opinión que compartimos moitos compañeiros de profesión. Cando miramos para atrás decatámonos do camiño andado. Pasamos de facermos representacións en locais desaxeitados e en precario a facérmolos agora en teatros modernos e dotados de todos os medios e comodidades. A televisión e o cine son tamén, hoxe, medios importantísimos para normalizar a nosa lingua.

O camiño andado foi moito, como digo, pero os avances tamén enormes.

Desexo que os meus herdeiros saiban reconecer o esforzo que eu fixen, na parte que me corresponde, por dignificar a lingua galega. Pídolles que sexan continuadores desta tarefa e que todos os anos, para agardar acesa a miña memoria, celebren un acto teatral en lingua galega de forma itinerante polas vilas galegas.

Antonio Durán Morris

Actor

Non sei quen quere usufrutuar a miña herdanza, sabendo como sabedes que non dispoño de bens materiais que deixarvos.

Non pasei por esta vida para conseguilos nin para conservalos, tiven dabondo para facer o que quería e nunca arelei máis do que precisaba, incluído a voso estima. Traballei sempre para por en valor unha pertenza máis valiosa, a nosa lingua, como parte da miña identidade e a dun pobo, o galego. Nin mellor nin peor que outro, pero o noso. Tiven a satisfacción de poder vivir dese traballo. Por iso lego esa teima e esa tarefa sempre inconclusa e sempre necesaria a quen estea

disposto a seguir na batalla. Con esta encomenda e esa aceptación inclúo todo o que poda xerar o meu traballo, cando eu pase á parroquia dos defuntos: a ilusión, o pracer, a satisfacción, a honra, o deber..., e os dereitos pecuniaros se os houber.

Tamén as accións en A Nosa Terra como ferramenta imprescindible para o galego que foi no pasado e que debe seguir a ser no futuro.

Afonso Eiré

Xornalista e escritor

Xunto ó patrimonio propio hai outro legado común do que tamén participamos: a lingua e o territorio. Ambos os dous, esteos da nosa identidade colectiva, son parte do herdo que recibides e do que sodes responsables. A través da cultura e da educación habedes de os coidar e acrecentar para transmitírllelos ós que vos sucedan.

Xerardo Estévez Fernández

Arquitecto



*P*ara Viruca, Antía e Saleta, compañeira e fillas:

A vós, que sodes as miñas herdeiras, ademais das cousas materiais que xuntei ó longo dos días que me tocaron en sorte, déixovos os seus nomes para que os gardedes no recuncho con máis lentura da vosa alma, onde endexamais se perdan, pois neles vai boa parte do senso da miña vida. Déixovos tamén a leira do Outeiro, cos seus carballos e piornos, cos merlos, gaios e demais paxariños que neles aniñan, coas curuxas que os entretén de noite, e os grilos. Nada máis material teño, máis déixovos tamén a terra-nai que me aleitou, e con ela, o seu

ben máis prezado, a nosa lingua na que vos estou a falar, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos costumes, en fin, o feito diferencial de Galicia, enerxía colectiva que nunca esmorece, para que o coidedes, mimesdes e ós vosos en herdanza tamén deixedes.

Déixovos, tamén, a obriga de manter acesa a chama de todo aquilo que nos fixo como pobo, que representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós sere-mos sempre, sempre, sempre.

Antón Fernández Álvarez

Profesor da Universidade
de Santiago de Compostela

Eu, Delfín Fernández, natural de Lapela, no concello de A Arnoia, veciño de Vigo e neste intre Subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, o que lle quixera legar ós meus herdeiros sería, sobre todo, a paixón polo saber, pola cultura, pero tamén pola acción, polos intereses colectivos, por contribuir co seu ben a facer mellorar o benestar dos seus concidadáns, do seu país, que espero que poda ser Galicia, porque confío que aquí terán traballo e futuro. Máis alá, pois, dos bens materiais que eu lle poda transferir, quixera transmitirle, no mundo relativamente individualista que nos ten tocado vivir, os valores do compromiso cos demáis, co

seu país, coa súa cultura e coa súa prosperidade.

Delfín Fernández Alvarez

Subdelegado do Goberno
en Pontevedra

Cláusula final

Quixeramos por último facer constar, diante dos nosos fillos e herdeiros, a vontade que presidíu toda a nosa vida. Eles sábeno porque a viviron con noso e participaron dela cada día, e porque constituíu, tanto nos momentos difíciles como nos momentos felices, que foron os máis, o cordón umbilical que sempre nos uníu, coma un vimbio rexo e poderoso: o compromiso co noso país, a identificación coa nosa cultura e, moi especialmente, o amor e a causa da nosa lingua.

Establecemos, pois, como derra-

deira vontade, que sexa esa a lingua e ese compromiso quen presidan, sempre e en todo momento, calquera acto escrito, vontade ou manda que teña que ver coa nosa memoria. Co convencemento de que eles o han saber facer cumprir, asinamos a presente manda.

Víctor Fernández Freixanes

Editor

María Dolores Cabrera Iglesias

Licenciada en Xeografía e Historia

Eu, Demetrio Fernández López, neste intre Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, e a pesar diso en plenitude de facultades físicas e mentais, déixovos a vós, meus benqueridos fillos xemelgos Demetrio e Mercedes, todos os meus bens e dereitos a partes iguais.

Do mesmo xeito, mándovos que conserveades, exercitedes e cultivedes a nosa lingua galega, a mesma que empregaron os vosos antepasados ata tempos inmemoriais, que lles serviu para comunicarse cos seus veciños e amigos, para vivir en harmonía con todo e con todos, para traballar arreo e dun xeito honrado, e mesmo para emigrar cando así foi preciso.

Esa lingua, que chega ata vós grazas aos milleiros de persoas que durante xeracións a empregaron como sinal de afirmación colectiva, é a que vos mando coidar e transmitir á seguinte xeración. Será o uso da lingua o que vos distingua no mundo, o que reafirme a vosa orixe e a mellor maneira de honrar aos vosos devanceiros.

Esta é a miña manda, que máis ben é unha arela e un alento: que saibades apreciar o voso e valoredes o difícil que foi ás veces conseguir que chegara ata vos.

Demetrio Fernández López

Presidente do Consello Galego
de Relacións Laborais

“As persoas necesitamos, coma quen bebe auga, beber soños”, deixou dito don Álvaro Cunqueiro en 1963, cando eu tiña dezaseis anos. Co meu traballo de escritor, eu quixen contribuir a saciar esa sede, sobre todo entre os lectores máis novos. Un traballo feito sempre en galego, porque esa é a lingua que recibín de meus pais e da xente de Vilalba entre a que me criei. A lingua deste meu país, a lingua que sinto como miña, a lingua que fala agora a miña filla.

O herdo que deixo son os meus libros. Non me corresponde a min dicir se é cativo ou non, pero podo asegurar que tentei poñer nel o mellor de min. Un herdo de palabras, que quero deixarlle á

xente moza que medre neste noso país cando eu xa non estea.

Nese herdo, repetida dun ou doutro xeito, atoparán ben veces unha idea central que é a miña manda: a diversidade está presente en todas as manifestacións da vida humana. Un mosaico de etnias, de costumes, de linguas, de xeitos de entender o mundo. Unha diversidade que é o fío profundo que nos une a todas as persoas que vivimos neste planeta. E nós, a xente de Galicia, temos que selo desde o noso ser galego. Porque só se pode ser universal dende a asunción plena das nosas raíces. A lingua, a primeira delas.

Agustín Fernández Paz

Pedagogo e escritor

Cando na pasaxe dos anos nos chamaron pioneiros, revolucionarios, emprendedores e innovadores, que así foi o proceso do tempo, sempre pensei que non fixeramos nada que non fose achegarlle un anaquiño de futuro ao noso País; arrimarlle á patria común unha man de esforzo para afrouxarlle a presión que a esganaba.

Fomos poñendo dunha vez novas tecnoloxías nos recursos pesqueiros, doutra avanzadas investigacións no cultivo do mar; máis tarde recursos didácticos e da cultura mariña, anovadoras maneiras de entender o futuro do turismo náutico, ou rescates

de embarcacións senlleiras do noso patrimonio naval... todo o que fixen nese tempo demorado non tivo máis obxectivo que serlle fiel ao ideal dunha Galicia dona do seu destino, na que a lingua de relación económica, empresarial, de negocio, fose a que nos é propia. Eso é o que lles deixo como manda principal aos meus herdeiros e aos que detrás de min continúen coas obras que iniciamos.

Alfredo Fernández Prieto

Empresario

Para cando a brétema xa non volva a levantar, estes son os meus desexos en canto á vosa herdanza:

Os escasos bens materiais que deixo non serán nunca escusa da que xerminen refregas ou desacougos, pola contra, compraceríame moito que fosen coma espelliños saltados reflectindo entrañabeis recordos de tantas vivenzas compartidas.

Pero hai outra parte da herdanza, a de máis aprecio, esa que a cotío se vos foi dando dende que vistes a luz por vez primeira. Falo da consciencia das vosas raíces, do apego á terra, á familia, e a estima da nosa cultura e da nosa lingua. Ide coa cabeza ben alta e gabádevos de posuir este

singular tesouro. Pertécevos de pleno dereito o seu uso e disfrute, pero decátadevos tamén de que sobre o mesmo pesan algunhas cargas e gravames que debedes respetar e cumprir. Así, pois, sede coherentes, rigurosos e auténticos na defensa dos nosos valores e non vos prestedes a oportunismos miserentos. Acrecentade este patrimonio que recibistes dos vosos pais e dos vosos avós, facendo que siga a medrar nas vosas vidas e nas dos vosos herdeiros.

Aínda que nados fóra de Galicia, ben sabedes que a vosa alma é galega e a vosa fala tamén; non perdades nunca ningunha das dúas cousas.

Emilio Fernández Vázquez

Inspector Xefe do Corpo
Nacional de Policía

Eu, Ana Ferradáns Blanco, nacida hai xa 25 anos no seo dunha humilde familia galega, apenas deixo que legar; terras que traballar non me deixou meu pai, apenas xoias que poñer miña nai, pero sí un importante tesouro; o galego, esencia da nosa nación e razón de ser para moitos dos nosos devanceiros que loitaron no seu día para que hoxe nós a poidamos disfrutar sen encarnarnos.

O galego foi a lingua coa que me criei, a lingua na que me namorei, coa que disfrutei, rin e chorei. A lingua na que estudei e coa que traballei. En definitiva, a lingua coa que vivín e que agora vos transmito a vós; para que a

faledes, para que a vivades e deste xeito manteñades sempre viva unha parte de min, unha parte de Galicia.

Ana Ferradán

Axente de emprego
e desenvolvemento local

“ A vida é un privilexio de pouca dura, aínda que nos permita posuír un tempinho algúns bens. Na hora de repartir o que teño entre os meus herdeiros quero, en primeiro lugar, deixarlle en herdo a todos por igual algo que, cando se reparte, non se divide senón que se multiplica. Déixolles a todos os meus herdeiros, por igual, a ansia de ser xusto, traballador, solidario, aberto á presenza dun Deus que nos ama, e amante da lingua galega. Pido perdón por cantas veces non conseguín como desexo e solicito dos meus herdeiros que manteñan viva a lingua galega na casa e no traballo profesional e que llela transmitan ós fillos para que este ben, que por vía familiar

nos chegou dende a noite dos tempos viva outro milenio. Este son para min os bens que máis estimo. Son para todos”

Xesús Ferro Ruibal

Filólogo e académico da RAG

En Ourense, o vinteún de outubro, no ano do Padre Frei Martín Sarmiento, eu, Xoán Ignacio Fonseca Moretón, fillo de Álvaro e de Pilar, nacido meu pai na moi nobre e moi leal cidade de Tui, antiga capital do vello Reino de Galicia, sede ilustre da diocese do mesmo nome, patria do arcebispo Lago González, e bastión da defensa de Galicia fronte ós piratas e invasores franceses. Nacida miña nai no non menos ilustre concello de Ponte Canedo, hoxe anexionado a Ourense. Fillo de familias honradas, galegas e dignas, no meu san xuízo, comparezo libre e voluntariamente perante persoa capaz de dar fe e testemuña da miña decisión, co ánimo de que se lle dea cumprimento á miña

vontade. O meu desexo é que, á parte dos bens que lles poida legar ós meus herdeiros, presentes e futuros, reciban como un patrimonio espiritual que deberán administrar e gozar, o meu amor e respecto pola terra que me veu nacer e me vai soterrar. Que consideren coma unha honra suprema amar, defender e dignificar toda a súa vida esta nosa terra, ós homes e mulleres que a engrandecen e exaltan, e o máis valioso tesouro que un home pode ter de seu: a nosa lingua. Esta é a miña vontade, e na medida na que os meus fillos e descendentes me respeten, deberán observar esta manda de amor a Galicia.

Xoán Fonseca Moretón

Secretario de Administración Local

*A*vós, meus benqueridos fillos, déixovos en herdanza os poucos bens materiais que posúo, e pídovos tamén que saibades perdoarme que vos pida tanto. Pídovos que empreguedes o voso esforzo, o pouco que con moita loita puidemos protexer, en vos defender dos famentos de fortuna e baleiros de sentimentos, que convarten as nosas carballeiras en bosques de eucalipto, deixando a nosa terra erma, e que inzan os nosos vales de casas, sen respecto á xente que sempre viviu nela, dicíndolle que isto é o progreso. Xa non podeades conservar o val fermoso de Pazos de Ribeira, pero si o río cristalino que o percorre. Lembrades de nenos as veces que camiñastes pola

súa beira, perseguindo bolboretas e cabaliños do demo. A carballeira da ponte de pedra, na que tanto xogastes e que limpabades despois da festa.

Aprendinvos a querer á terra, lembrade os vossos avós que tanto bourearon nela, a nosa cultura e a nosa lingua galega. Espalládea polo mundo, tendes unha gran riqueza. E coidando de todo isto, non seredes pobres na terra.

Rosa Fontaiña Pazos

Dirixente do Movemento
Veciñal de Vigo

Guillermo Fontán Feixóo, nado nas terras do Tea, lugar do Souto, acorda redactar esta manda:

Testo a favor da miña dona e fillos de cantos bens me puidesen pertencer na hora do meu pasamento; non só en forma de terra e pedra, senón que, de maneira especial, déixovos, para que as sigades a administrar, as miñas in-
quedanzas sociais e mesmo ideais políticos cos que ó longo da miña vida, con mellor ou peor acerto, tratei de contribuír a mellorar as condicións de vida de todos os traballadores desta terra de noso e a de todos; porque esa é a maneira máis digna da soliedariedade humana. Esta parte da herdanza

seguramente vos traía máis dunha dificultade e incomprensión. Algo diso tamén me tocou a mín. Pero tamén é ben certo que ó longo dos anos un pode ver para tras de si sen ter que sentir vergoña; e si, polo contra, a satisfacción e o sosego do “perdedor” consciente e voluntario.

Como non podía ser menos, tamén vos deixo o encargo de que sigades loitando polo acrecentamento da nosa cultura e da nosa lingua para que, máis pronto que tarde, esta nosa Galicia sexa todo un pobo de seu.

Guillermo Fontán Feixóo

Dirixente veciñal

Saiban cantos lean este documento que eu, Manuel Fraga Iribarne, nado en San Ramón de Vilalba, corazón da Terra Chá luguesa, o 23 de novembro de 1922, poño por riba dos meus bens materiais e espirituais a miña honrosa condición de galego e, polo tanto, mando ós meus herdeiros que a xustiza, a razón e o dereito, de igual xeito que alentan as páxinas da miña vida, vaian sempre canda eles cara ó horizonte onde aniñan as grandes liberdades do home. Ítem máis, que a fala que herdei dos meus devanceiros da Regueira, en Regoaveso, siga a medrar nos labios do meu pobo, polos séculos dos séculos; cantareira e popular, como un día de festa maior, culta e romá-

nica, coa mesma altura e grandeza da Santa Igrexa Catedral do Noso Señor Santiago, principio e final de todos os camiños da Europa unida.

Dado en Santiago de Compostela, o día de santos de 2002.

Manuel Fraga Iribarne

Ex-Presidente da Xunta de Galicia

Evontade do testador que os seus herdeiros teñan sempre presente, como o testador o ten, que os bens que aquí lles foron legados han servir da mellor maneira posible á nosa terra, na que el naceu, viviu e desexa morrer. E todos cantos papéis haxa en poder do testador ó seu falecemento, e que non fosen xa entregados por el a bibliotecas, fundacións ou academias, en especial a correspondencia, manda que sexa depositada, a dispor dos que queiran consultala, nalgunha daquelas academias ou fundacións.

E rógalles ós seus herdeiros que eduquen os seus fillos, como o testador fixo, no amor á lingua galega e á nosa terra, e que fagan

o que poidan para que se sintan orgullosos de seren galegos e de teren como propia a súa lingua galega.

Xosé Luís Franco Grande

Escritor e académico da RAG

*M*esta manda con contido humilde déixolles ás miñas beneficiarias e beneficiarios as ganas de sentir o país e o idioma para que poidan gozar e contemplar da vida coa suficiente solidariedade que require e coa proxección no día a día.

Apreciar as súas xentes, os lugares, a mocidade, a vellez... todo isto que contribúa a un camiñar conxunto e con futuro.

Concha de la Fuente

Dinamizadora veciñal e produtora

*P*olo presente acto, poño a disposición dos meus fillos Artur, Denis e Alba, todos os meus bens, terreaux ou non, e de entre eles o que máis, o seu nome nacido da fala que herdei de meus pais, a que me levou a descubrir o mundo, a gustar da alborada e a ilusionarme no solpor, a que os acougou no berce, a que os acompañou nos primeiros andares, a que os desacouga e coa que rin e se namoran, a fala na que choran e na que proxectan na que soñan o futuro. Poño tamén á súa disposición, e á de quen a precise, a miña memoria, o país no que gocei da vida e no que sufrín, as súas historias e os contos que escoitei e contei, os inventos e as palabras, para que no canto de

morrer conmigo revivan e perduren e engrandezan o país e o mundo que sen ós non é mundo.

Antón Galocha López

Director do Diario de Pontevedra

Que subscribe, Xosé García Albeos (co nome de pía bautismal José Manuel García López), desexa facer o testamento a favor dos seus herdeiros: a súa esposa e tres fillos. Na transmisión dos meus bens materiais aplicarase o estipulado legalmente. Non así para os bens espirituais, pois desexo que sexan os meus propios sentimentos os que diten as disposicións.

Dos meus antepasados, humildes e sinxelos campesiños e máis tarde comerciantes, herdei a capacidade de traballo, a xenerosidade, a loita e a honestidade. Nos meus herdeiros prantei a semente que contiña estes principios que desexo logren facer agromar e abondo multiplicar.

Son claves, entre outros, a cultura, o humanismo, a arte, a vocación profesional, a capacidade de entrega e servizo aos demais e a sinceridade. Tentei que elas impregnaran deica hoxe a miña existencia, e agardo enchan o percorrido pola vida dos meus queridos herdeiros. Pero, finiría aínda máis tranquilo e sosegado, se os herdeiros manteñen vivo o meu modesto empeño por defender o patrimonio do meu país, coa súa esplendorosa cultura, súa lingua milenaria, a fermosa e variada natureza, pero sobre todo... a súas xentes, as que atesouran e enriquecen a alma de Galicia... sempre viva.

Asinado en Vigo a 29 de Setembro
de 2008

Xosé García Albeos

Médico e pintor

Quintedous do mes de outubro do ano dous mil dous, eu, Salvador García-Bodaño Zunzunegui, morador no Casal das Figueiras, do lugar de Veitureira, na parroquia de Lampai, ordenada a sucesión dos meus bens e dereitos, digo que quero que todos cantos saiban desta carta de manda e vontade postremeira reciban, co maior respecto e dignidade, e fagan cordialmente súa a miña fervente petición de que, por termos recibido dos nosos devanceiros a entrañable herdanza da nosa fala, a empreguen entre si na súa vida cotiá e nos seus escritos, e que defendan e acrecenten o valioso caudal da cultura galega e das nosas melloras tradicións, para legalas, pola súa vez, ós seus sucesores. Outrosí,

e para que as persoas que actúen como notarios, xuíces e rexistradores, usen con xenerosidade a lingua xenuína do noso pobo e lle dean a normalidade xurídica que lle foi arrebatada tan inxustamente.

Salvador García-Bodaño

Escritor e académico da RAG

*T*em mando o meu corpo á terra onde nacín e pónolles por obriga ós meus herdeiros ou, se cómpre, ós que supradesignei por executores deste testamento, que levan os meus despoños, feitos cinza ou de corpo enteiro, conforme manden a ocasión ou a necesidade, ó cemiterio da igrexa de San Vicente de Vilameá, a par dos meus señores padres, Antonio e María, e dos meus vellos que naquel camposanto dormen. E porque pasei tantos anos da miña vida fóra da terra que me criou, mándolles tamén ós meus herdeiros que se conserven fieis a Galicia e á súa fala, se é que pensan que esa foi a miña dignidade, e que contribúan, por amor de Deus e dos homes, nosos irmáns, a

coñecer os problemas da terra que recibirá o meu corpo e a querela nas súas glorias e nas súas desgrazas, sen partidismos e mirando pola xustiza e pola liberdade dos homes, e sempre afastados do dogmatismo ou dunha cruel paixón.

Xosé Antonio García Cotarelo

Técnico da Administración
Civil do Estado

*A*os que me sucedan, aos meus fillos, a quen detrás miña quede, transmítolles o que para eles me deixaron os meus devanceiros, o patrimonio moral e intelectual dos galegos forxados na aldea, saímos dela para írmonos ata as aulas universitarias. Nese percorrido, sucedido en moi poucos anos, procurei respectar e acrecentar a sabedoría, a honradez para cos meus e o amor polo propio. Un exercicio vital, no que a lingua foi pedra angular para entender o presente e o futuro da sociedade na que me tocou vivir, e así tentei axudar sempre aos que da miña acción souberon. Xuntos, fomos máis galegos na esquina de Europa que chamaron fin da terra, e que a min pareceume sempre o principio de todo.

Levade sempre con orgullo a marca de identidade que foi miña, unha lingua románica, fermosa e vertebradora, construída a través dos séculos polo noso pobo, que mirou sempre ao futuro coa ambición, traballo e esperanza de ser fillos e netos dos que emigraron para traballar arreo máis alá de onde se pon o sol.

Nese solpor da vida, desexo volver á aldea, á terra que me prestaron para deixavos a vós. Alí se completará o ciclo, e alí, tras dunha capeliña románica, acougarei cos da raza en sono eterno.

Valentín García Gómez

Técnico de normalización lingüística
do Concello da Estrada

E, finalmente, mándolles ós meus herdeiros que despois do meu enterro ninguén garde loito polo meu pasamento. Que a misa que se celebre no cabodano pola miña ánima, se oficie enteiramente en galego, incluída a homilía e os responsos e, como remate desta manda, que celebren unha gran xuntanza todos os herdeiros, na que se contará un conto en galego e, ademais, cantarase algunha das fermosas cancións galegas.

Todo iso cun triple fin: primeiro, para que aínda se lembren de mín; segundo, que demostren que son bos galegos amantes da nosa lingua e da nosa cultura; e tercei-

ro, para que ó reunirse poñan de manifesto que aínda permanecen xuntos e ben unidos.

José María García Leira

Ex-Presidente do Parlamento
de Galicia

De canto deixo, non hai cousa ningunha de máis valor ca aquilo que, a modiño, fun aprendéndovos desde cativos: a nosa lingua e o noso sentido de pertenza a unha cultura. Este patrimonio xa é voso, ben o sei, mais o pulo que herdei dos meus devanceiros, reintégrovolo con medras para que non esmoreza, de xeito que poidades seguir a tarefa dunha Galicia milenaria nas persoas dos vosos descendentes, contribuíndo a que a terra na que ollastes a primeira luz se torne inmorrente.

Luis Manuel García Mañá

Xefe Superior de Policía de Galicia

*E*u, Waldo García Romero, abade das freguesías de Santo André de Cedeira e San Vicente de Trasmañó, no concello galego de Redondela, non teño bens funxibles para deixar en herdanza. Tampouco teño máis fillos ca aqueles galegos e galegas que en Cedeira e Trasmañó me chamaban abade (pai).

É a eses meus fillos de Cedeira e Trasmañó ós que eu lles quero deixar en herdanza o mellor tesouro que recibín, o meu cristianismo galego.

A todo vós, homes, mulleres, mozos e mozas, nenos e nenas que me chamades abade (pai),

quérovos legar todo o meu inmenso amor pola nosa terra, especialmente pola lingua dos nosos devanceiros.

Ó longo de moitos anos, todos xuntos celebramos a liturxia cristiá dirixíndonos a Deus coa querida lingua dos galegos. Vivimos en galego a nosa comunión cristiá. Fomos capaces de facer pobo, de superar a anarquía de Babel, co Pentecoste lingüístico da nai Galicia, da matria que nos paria a todos e nos ensinou a vivir nunha lingua única o panteísmo cristiánísimo da comunión cos montes e cos vales, cos peixes do mar e cos paxariños do ceo, co coche do corte e co can do palleiro, cos cas-

tiñeiros e cos carballos, cos viños xenerosos das nosas videiras...; que non ensinou a chamarlle “paiciño” a Deus e “naiciña do ceo” á nosa Santa Nai.

Esta é a miña manda testamentaria, este é o meu rogo, o rogo deste vello pai, deste vello abade: non permitades que ningunha outra lingua sexa oída xamais no fermosísimo tempo de Ceadeira e naquel tempo de Trasmañó, que lanza os seus ecos por toda a ría de Vigo; que as vosas preces, os vosos cantos, as preces e cantos dos vosos fillos, continúen a saír polas espadiñas dos vosos templos, e que os ventos mareiros leven polo mundo

o voso “noso pai”, o voso “nosa
naiciña...”.

Waldo García Romero

Abade de Trasmañó e Cedeira

É curioso escribir para que me leades unha vez morta, vós os dous, meus fillos, a quen tanto quero. Sobre os bens materiais creo que tedes dabondo se o comparamos coa media da humanidade. Aínda máis, seguro que nesta casa sobran a meirande parte das cousas polo que é a miña vontade que vos desfagades de todas elas, non valen para nada. Podédelas queimar para o solsticio ao tempo de recitar o noso poderoso mantra: salto por riba do lume de San Xoán para que non me trabe nin cobra nin can.

Por outra banda, déixovos como precioso legado unha infancia fronte ao mar das Cíes e o aquel

polas palabras. O mar o levades posto no fondo dos ollos e, sobre as palabras, debedes facer un exercicio de memoria e escoller as que máis os gusten para arrolarvos nelas. Que tal se lembrades meus pesperellos, a Ardora, a Seca e mailo Ronsel? Ide con elas, palabras e imaxes delas, polo mundo arriba e embaixo e procurade a felicidade doutros explicándolles de que estades a falar cando as decidés e, se o entenden, invitádelos a vir a esta vosá liña de costa.

Blanca Gefaell Chamochin

Xornalista do Consorcio
da Zona Franca de Vigo

E como todo non van ser cartos e cousas materiais, tamén vos deixo un ben inmaterial, para que o coirdedes e non o deixedes morrer.

Pasou mil peripecias, estivo perseguida, prohibida, tivo que exiliarse a países ben afastados, pero sobrevivíu a todo iso e semella que está máis rexa e máis forte. Eu, na miña profesión, contribuíu á súa normalización. Encoméndovos que a tratedes co debido respecto e que a teñades presente e que, á vosá morte, llela deixedes ós vosos herdeiros, con máis vitalidade e fortaleza.

Roberto Gil Moure

Policía Local



*T*odos estamos neste mundo de paso. Son o que os meus e eu mesmo contruímos, pero son sobre todo o que recibín dos meus pais, dos meus avós, dos avós dos meus avós, e así dende o principio dos tempos. Deles herdei a natureza que me arrodea, deles herdei a vista que me permite gozar do brillo dos ollos das persoas que amo e que me aman, deles herdei o oído co que podó escoitar o rechouchío dos paxaros, deles herdei o gusto, o tacto, o olfato... Pero deixáronme, sobre todo, un ben no que quedaron espalladas moitas das súas vivencias, a lingua do noso pobo, gracias á que podó dicir: “quérote, loito, adegá, froito, bolboreta, cotovía, carba-

llo, salgueiro, aloumiñar, xeito, porvir...”. E cando digo estas palabras sintome solidario con todos os meus, cos devanceiros e cos que han vir despois de mín. Por iso che pido que defendas este ben, non renunciando a el en todos os días da túa vida, e que llelo transmitas ós teus fillos e ós fillos dos teus fillos, porque así non nos arrincarán as nosas raíces e garantiremos que Galicia, a nosa gran familia, nunca morrerá.

Manuel González González

Filólogo e secretario da RAG

M

eu fillo: fora de toda moda ou convulsa revolta, dos excelsos maios e os esgrevios castros; máis aló do queixume dos piñeiros e do Atlántico mesmo, das verbas e dos poetas, do sangue e a esencia da propia natureza; por riba da aldea e das pedras, das brétemas e os devanceiros; refractario ó celeste sobre o branco e as liñas das fronteiras, está o sentimento preto, íntimo e propio de ser galego. Traballa, sinte, fala, pregao e transmite nos teus xenes o leito deste Miño que eiquí refiro, porque éstes son os banzos, os xordos ecos tatuados circunstanciais, polos que pule Galicia para ser eterna...

Armando González López

Médico

A miña dona, ós meus fillos, ós meus netos e a todos cantos me sucederán deixo canto dos meus pais e dos meus avós recibín, tesouro vello da miña lingua galega -palabras fermosas, frases feitas, refráns antigos, cancións, adiviñas...- e outras cousas máis pequenas que, ó longo da vida fun arraxando...

Déixovos a nosa lingua, cerne da nosa identidade e forma auténtica de entendemento no ámbito da nosa comunidade, porque non hai creacións sen pensamento, sen palabra. Téñovos que pedir, pois, que loitedes, que pensedes na condición e no destino das futuras xeracións; que amedes,

que navegedes, que fagades o que estea nas vosas mans. E así, a lingua responderá ó chamamento e ó sentir propio das nosas xentes...

Todo isto, a todos deixo, e rógovos que o conserveades, sen que en ningún momento o menosprecedes, nin perdades.

Xesús Pablo González Moreiras

Ex-Director Xeral
de Política Lingüística

Saiban e sexan testemuñas cantos esta manda lean: nacín no Ribeiro, en Cenlle, pero ós poucos meses leváronme para Pontearreas e logo para Vigo e, xa por decisión propia, vivín en Urdilde, Compostela, Vilvestro...A miña existencia deica agora foi un longo percorrido sempre por terras galegas. Quedáronme as de Lugo, pero nelas pasei días moi felices estudando as construcións tradicionais dos Ancares, e a historia das grandes ferrerías que beneficiaron o noso ferro ata os último anos de século XIX. Por iso, por residir en tantos sitios, considereime sempre galego sen máis, sen localismos de ningunha clase: do interior á beiramar, das

chairas ás montañas, das terras de viño ás de pan...

Esta é a miña manda testamentaria para Alba, Amara, Héitor, Brais e Clodio: légovos por un igual os bens materiais e os espirituais. En canto ós dos segundos, prégovos encarceradamente que endexamaís vos esquezades da terra onde nacestes e da cultura que recibistes dende meniños, e que llela tramitades o día de mañá ós vosos descendentes: a lingua, a historia, as tradicións..., pero que tampouco rexeitedes nunca outras sen antes coñecelas, sede ante todo cidadáns do mundo dende Galicia. Rebeleime teimudamente dende neno a que en min morrese unha cultura ancestral, herdo de

labregos, ferreiros, emigrantes..., e prégovos que tampouco sexades vós os derradeiros. Sen abandonar o vieiro da xustiza, da solidaridade, do compromiso e da liberdade, sede modernos como os que máis naquelas cousas en que se debe ser, e encarádevos coa testa ergueita sen medo a ninguén e con decisión cara ó futuro, pero sen que nunca esvaeza en vós o amor ó pasado, ós homes e ás mulleres que nos precederon nesta terra que dende hai séculos se chama Galicia, tratando sempre de enmendar os seus defectos e de imitar as súas virtudes.

Que así sexa.

Clodio González Pérez

Mestre e etnógrafo

A manda do sestestrello.

E xa por derradeira, eu, Luís Uxío González Tosar, déixolle a totalidade dos mobles da miña casa, potes e tixolas, brancuras e cobertores, apeiros e ferramentas de labranza, froitos verdes e secos, carnes vivas e mortas, un reloxo con leontiña de prata marca “Cuervo y Sobrino, únicos importadores” –que trouxo meu avó da Habana-, oito horas e media de regadío do rateo das pozas de Cotón e Silvares, tres días con tres moites de maquiá nos muíños de Quinteiro, Xofrán e Barreirao e todo canto me pertence de portas para dentro, a aquel dos meus tres herdeiros que mellor saiba nomear, de corrido e sen enganarse, as pala-

bras chamadas do setestrello, que aquí
onda nós non son sete, senón que ve-
ñen sendo ducia e media.

Falo das dezaioito verbas que marcan
en Galicia o ritmo dos homes e da ter-
ra, representativas de todos os sons
que nacen cantándolle á rompida do
día e que sobreviven despois de pa-
sada a xunta da noite, anacos vivos
do corpo do idioma galego, o mesmo
que eu escollín para soñar e para rir,
para a beizón e para a saudade, tamén
para medos e desamparos...; luar, ber-
ce, xilgaro, congrotra, xesta, nai, alo-
umiñar, ronsel, biosbardos, asubío,
calote, lóstrego, peite, dorna, enxu-
rrada, triscar, cornecello e salaio.

Luís González Tosar

Poeta

E como ramallete de olivería ás mi-
ñas vontades derradeiras, quixera
eu, meus amantes herdeiros:

- Que xamais esquezades que so-
des galegos de condición e caste,
de convicción e compromiso.
- Que levedes sempre no bico do
canto, no bico do pranto, na fala
diaria, a lingua galega, o madu-
ro froito dos nosos antergos, en
comuñón coa terra das cousas e
das ideas.
- Que sexades vós mesmos, inte-
grados, isempre!, na comunidade
patria á que pertencedes.

Modesto Hermida García

Inspector de ensino

*N*a cidade de Vigo, da que son veciño, o dezanove de outubro de dous mil dous, en pleno uso das miñas facultades, ou cando menos en tanto como tiven no mellor momento, eu, Xoán Carlos Horro González, quero deixar constancia da miña vontade, para cando me vaia, neste meu testamento.

Como principio, quero poñer por manda ó meu fillo, Xoán Horro Delgado, hoxe cativo, a aprender as primeiras verbas, que por moitas que aprenda nunca esqueza a lingua do seu pobo e o amor a esta terra, na que a súa nai e eu xa o concibimos. Se non o fixer, aínda que mal non lle pido, que non se pode desexar mal a un fillo, levará

dentro a peor doenza. Por moito inglés que saiba, non vai a ningures que non sabe de ónde vén, nin chega a ningures quen traizoa o que é.

Xoán C. Horro González

Fiscal da Audiencia Provincial
de Pontevedra

A demáis deses bens que deixo aos meus herdeiros, quedalles a miña imperecedoira vontade de que protexan o mar de especulacións e atentados, porque foi a nosa fonte de vida desde moitas xeracións atrás, e que coiden de cons, faros, barcos, puntas, cantís, nasas, raños, risóns, dornas, ameixas, nocras, luras, centolas, polbo, aparellos, buguinas e balumada, homes de bordo e patróns; e tamén que lle transmitan a seus fillos e fillas a nosa maneira de nomear as pedras da costa e os lugares do fondo, as marcas, e os peixes, e os paxaros, e as artes todas coas que lle gañamos a vida ao mar.

Francisco Iglesias

Patrón Maior Confraría
de San Martiño do Grove

Como disposición derradeira, deixarvos a nosa lingua, o galego. O factor de identidade que nos une ao pasado e nos proxecta ao futuro. Unha lingua que recolle nas súas verbas o que fomos e o que somos, e que será capaz de recoller, no seu momento, o que se- redes. Coidade dela, non a esque- zades e lembrade ao usala que está cargada de máis de 1.000 anos de historia dos nosos devanceiros. E é ese pasado, unhas veces mellor outras peor, o que transformou aquel medio latín nunha lingua que superou grandes acometidas, e que conforma a nosa identidade. Ao igual ca lingua, vós podeades aguantar, sobrevivir e saír mello- rados de calquera acometida, por-

que o galego está feito a imaxe e semellanza dos galegos e como a lingua, os galegos saímos adiante.

Déixovos, pois, o grande tesouro de Galicia.

Laura Iglesias Rodríguez

Técnica de Normalización
do Concello de Vigo

A vós, meus herdeiros...

Aí vos deixo a miña gaita e o meu pandeiro, coas súas muiñeiras, alboradas e foliadas.

Aí vos deixo as castañas e o tambor, para que os sigades nas festas a tocar.

Aí vos deixo o meu chaleco e as polainas, para con eles nos seráns e fiadeiros bailar.

Aí vos deixo a fala que de neno aprendín falar, a mesma que empregaron os meus avós e os avós dos meus avós, para que os meus netos e estes ós seus saiban amantantar.

Aí vos deixo..., máis non teño que
deixar..

Carlos Igrexas
Sindicalista de CIG

Os dezasete anos, con moita morriña e máis medo ó descoñecido, saín da miña casa de Lérez para comezar unha vida profesional, a de garda civil, que, salvo a paréntese de dous anos en Lugo, ía obrigarme a ter que vivir lonxe dese pequeno paraíso que entón era todo o que estaba a beira dun engaiolante río Lérez. Atrás deixaba os meus pais, pero sobre todo a miña avoa Xoana, unha velliña que morrería dous anos máis tarde e que nos deixaba a toda familia, precisamente por non saber falar outra lingua, a mellor herdanza que nos podía transmitir, o emprego permanente do galego como única maneira de comunicarmos entre nós. Moito tempo despois des-

cubriría o privilexio que supón desenvolver os primeiros anos dunha vida con dúas linguas sen ningún esforzo para o neno que era. Unha vez casado cunha dona non galega, a chegada de dúas fillas plantexoume a dúbida de cómo tería que facer para que esa herdanza que me fora transmitida non morrera de maneira definitiva, así que, desde ben pequenas e coa complicidade da miña muller, puxen en marcha un plan, vixente deica hoxe, que consistía en falarlles sempre en galego aínda que elas me responderan en castelán. Pasaron os anos e a maior, Ana, hoxe alta funcionaria do Estado, tras estudar na escola de idiomas de Madrid cinco anos de galego é

xa unha verdadeira defensora da nosa lingua; en canto á pequena, Marta, xornalista, custoulle un pouco máis a entrada nese mundo, pero un Erasmus en Lisboa trouxoma ó noso eido pola vía do portugués. É así como, cando se aproxima o intre de facer testamento, quero pedirlle a ámbalas dúas que, de igual maneira que recibiron ese privilexio, se comprometan ante a xeración que lles precedeu a manter viva o que consideramos é o mellor legado que se lle pode facer a unha persoa.

Gonzalo Jar Couselo

Xeneral de División da Garda Civil

*N*on é doado ser dunha terra e dun país, mesmo non é doado selo desta. Por tempo, tentei que moitas cousas mudasen nela. A súa lingua é, sobre todo, a terra e as persoas déronme moito do meu. A lingua non foi miña de neno, aínda que arrodease de sempre. Incorporala ó meu nome e á miña vida foi un acto de vontade.

Vós tivestes a fala desde o berce, tamén estades alfabetizadas no galego e, afortunadamente, sodes multilingües. A vosa vida de sempre transcorreu nunha cidade, e o mundo para vós non é algo alleo nin afastado. Sabedes que andar nel é decisión vosa e, tamén, sorte.

Eu tiven o proveito de vivir en mundo vilegos e cidadáns. Na beiramar e no interior. O meu traballo levoume a un coñecer esmigallado da terra. Son as vantaxes que tiven sobre as outras vosas.

Gustaría, por todo isto, que se quedades na terra, ou mesmo vivindo fóra dela, fagades a vosa parte para que a lingua e aquilo que teñades por mellor da cultura e do ser galego poida, polo voso esforzo, manterse para outras xeracións.

Uxío Labarta Fernández

Biólogo

Cando me peten na porta da vida para me levar a durmir inevitablemente fóra da casa, quero que o fagan no camposanto de San Vicente de Abeleda, Xunqueira de Ambía, para lles facer compañía a meus pais, Francisco e Secundina, e poder seguir escoitando desde aló o zoar do vento e os cantos do cuco, da rola e do merlo, que desde hai máis de mil anos embelecen e dan son ós camiños do meu Padroso natal. E mándolles á miña muller, Anxos, e ós meus fillos, Bieito e Anadía, que sigan a manter vivo o territorio das palabras, territorio no que eu estiven instalado, na parte de acá, sen dogmatismos, pero con conviccións e constancia, facendo agro-

mar miles de libros que conservan e enriquecen o noso patrimonio comunal.

Bieito Ledo Cabido

Editor

*V*ivín a miña vida con un profundo sentimento galego, un sentimento inmerso no mais fondo da miña nenez, das vivencias do día a día, nunha casa na que aínda ca miña nai era rioxana, aprendín a amar a nosa lingua galega. O Recordo dunha cociña cheirando a tortilla mentres escoitabamos a Pondal, a Rosalía, a Cabanillas e a tantos outros. Asistíamos a misa en galego das doce e cuarto, nos Xesuítas. Medrei nunha casa en que como dicía o Padre Seixas respirábase galego, e así medramos nun bilingüismo integrador, de respecto e admiración pola lingua galega.

Polo tanto cando chegue o tren do non retorno quero subirme

sabendo que cumprín coa ilusión dos meus país, que os meus fillos falan o galego e sinten a Galicia, que os educamos nese sentimento compartido polos bos e xenerosos e que esa semente seguirá estendendo as súas raíces polo máis fondo da terra e do devir do tempo.

Carmen Leyte Coello

Alcaldesa de Cartelle e médica

“*¡Como vou esquecer o meu idioma se esa foi a herdanza que me deixaron meus pais!*” Vénme agora á memoria aquela esporádica e natural resposta que o ferreiro Ramón de Castromil lle daba, mentres seguía na súa forxa peitando no ferro candente, ó presentdor da TVG que o entrevistaba para un programa sobre os galegos emigrados. A particularidade estaba en que a forxa do ferreiro soneirán estaba situada en plena capital do Uruguai, Montevideo, e ó presentador chamábase lle a atención que, despois de 40 anos de emigración, Ramón conservase tan ben a súa fala nativa. O ferreiro sorría satisfeito por ter oportunidade de facer uso pú-

blico do seu legado familiar. Esa mesma herdanza tan prezada que vos transmitín a vós, quixera que vós llela transmitades ós vosos fillos, e é de esperar que estes ós seus. Transmitindo a nosa lingua de xeración en xeración, os galegos e galegas gozamos dunha herdanza común que nos veu legada polos devanceiros desde hai máis de mil anos. Poñamos a parte que nos corresponde para que este herdo común, tan valioso, pase de pais a fillos outros mil anos máis.

Xosé María Lema Suárez

Profesor de Filoloxía Galega

Goñecida cousa sexa por cantos este instrumento viren e oíren que eu, María Sol López Martínez, nada no lugar de Sobrado, parroquia de Poulo, e veciña de Santiago de Compostela, cidade á que todos os camiños que existen conducen desde hai doce séculos, san de mente e entendemento, fago e ordeno esta manda.

Primeiramente, fago saber que sempre acreditei no carácter sagrado das palabras, ás que me dediquei por vocación e profesión.

Ítem mando que os meus herdeiros e herdeiras, ao tempo que recibiren todos os bens materiais que mentres vivín me pertence-

ron, fagan uso das palabras que os nomean: A Veiga, O Ribeiro, As Dornas e O Coenllo.

Ítem máis mando que isto así sexa polos vosos fillos e fillas, e polos netos e netas que deles saíren ata a morte do derradeiro de vós e dos ditos vosos fillos e fillas e netos e netas.

María Sol López Martínez

Secretaría xeral de Política

Lingüística

*M*ándoche e demándoche un don, un privilexio accesible a todos e dado a moi poucos: que saibas quen es e, xa que logo, que sexas galego, que fales galego, que vivas galego, que morras galego, que herdes ós teus..., galego para que o sexan querendo. Estou a agasallarte nesta manda cunha das chaves da túa felicidade posible, como procurei facer en vida con tantos que, lamentables sen sabelo, arelaban evitar ser o que eran. A outra será que espalles, xeneroso, segredo tan evidente como ignoto entre os galegos irredentos de corazón, acoirazados contra a terra por vergoñas seculares, privados por esa estraña cegueira da plenitude das súas vidas, téndoa palpitante -ique desafortunado paradoxo!- ó achego

das súas mans. Ignorar a sorte de ser galegos é ben pobre condición. Se é certo que a vida é fermosa, na nosa nación éo moito máis.

Álvaro López Mira

Profesor da Universidade de Vigo

*J*n nomine Patris et Filii et Spiritus Sancti. Eu, humildísimo Duarte López Pereira de Trasalba, en previsión de casual morte, san de mente e entendemento, decido facer de miña vontade testamento a favor do meu fillo e miñas fillas, i.e. Guillermo Duarte, Raquel, Mercedes e Clara. As herdanzas inmóbiles que de meus avós e pais recibín, na freguesía de Trasalba, advocación de San Pedro, no lugar que din de Outeiro, e que discorre entre o río Formigueiro, ó pé da ponte dos Frades, e o monte Rudeiro e a Bocarribeira, e demais bens mobles, tamén herdanza dos meus proxenitores, outórgoas e dóoas ós prenomados

para o seu gozo, coa condición de que cultiven a lingua e de que ennobrezan a cultura dos nosos devanceiros.

Que este meu desexo xamais sexa violado e teña firmeza *in secula seculorum* e, se calquera deles non o cumprise, sexa anatema e pague o dobre para o fomento da lingua e da cultura galegas.

No segundo ano do terceiro milenio nas kalendas de novembro, asino eu con estes, e anota Pepe de Redondela.

Eduardo López Pereira

Catedrático da Universidade
da Coruña

De entre todas as cousas que che deixo, mándoche que mires co maior dos teus coidados e co máis sentido dos teus respectos, por aquela que considero máis valiosa, aquela que máis quero, e que máis e maior servizo me prestou na vida, para ser mellor persoa: a cultura e a lingua deste país do que somos e seremos sempre. Recíbea co mellor dos teus espíritos, fai uso dela dentro e fóra, enriba e embaixo. Compártea cos coñecidos e cos estraños, cos de aquí e os de acolá, con estes e cos outros. Deféndea sempre polo mundo adiante e a través dos sete mares. Nunca na recuperación da cultura do noso Reino. E se a dita miña filla non cumprise esta miña manda, haxa

a ira de Deus e a miña maldición. Que foi feito e outorgado en Santiago, a dezaseis días andados de outubro, ano do nacemento de Noso Señor Xesucristo, de dous mil e dous anos.

Ramón Lorenzo Vázquez

Catedrático de Filoloxía
e académico da RAG

Pídivos, vindeiras xeracións, que respectedes todos os pensamentos e culturas pero que, ao mesmo tempo, esixades respecto para os nosos costumes e sentires, pois estes valores son os que nos fan únicos e diferentes neste mundo homoxeneizado. Velade polos pequenos xa que eles marcarán a batuta do noso porvir, demostrando que todo o que fixeron os nosos antergos valeu a pena. Coidade con convencemento os nosos ríos, praias, montes, aldeas, vilas, etc. Defendede a lingua de Castelao en calquera punto do planeta, unha lingua que nos une e nos fai pobo. Protexede as nosas tradicións sen esquivar as modernidades. Seguide sendo

igual de acolledores e bos anfitrións. Loitade pola vosa terra, como mellor se pode facer, empregando como arma as nosas verbas formadas tras oito séculos de historia, sen esquecervos dos sufrimentos e humillacións vividas polos nosos predecesores. Valorade o que temos sen esperar a perdelo. En definitiva, non reneguedes do que sodes, tede a seguridade do que fostes e a fortaleza do que queredes ser nun futuro.

Xoán Carlos Losada

Xerente Área Central

- ● ● Sinto moito non lles poder deixar ós meus fillos máis ca un nome limpo. Ben quixese deixar riquezas para eles. Non puido ser. A miña maior riqueza foi o amor a Galicia e á súa lingua. Iso foi un alicerce inabalable na miña vida e na miña andaina universitaria. Píddlles, pois, que, aínda que eles non son galegos de nación, manteñan este amor e que o transmitan, na medida en que lles sexa posible, dunha xeración a outra xeración, ó longo do tempo, porque mentres alguén co meu sangue manteña este amor, estarei eu, dun xeito ou doutro, aínda vivo.

Basilio Losada Castro

Escritor

*P*ara os tempos vindeiros, deixo un desexo de convivencia e paz na sociedade da que formo parte. Sendo consciente da importancia que a seguridade ten para calquera civilización, quedo convencido de que a cultura e o comportamento cívico son moi importantes para a convivencia, e nese ámbito é a lingua, como vehículo común de comunicación a que nos concede o estatus de cidadáns dunha comunidade identificada e convivente co seu pasado e co futuro.

En virtude disto, desexo para o futuro, a pervivencia e mellora da lingua da cultura e do patrimonio cultural que en min deixaron os devanceiros, para que os da miña

familia e coñecidos os leven cara o futuro con orgullo e lealdade.

Xosé Luis Loureiro Rey

Oficial – xefe da Policía Local
da Estrada

Cando se torne escura esta curta vida, chea de bens efémeros, sería o meu meirande desexo legar ós meus fillos un ben perdurable no tempo e no máis fondo dos seus corazóns, para que eles no futuro, cando teñan os seus, poidan achegarlle ó seu patrimonio espiritual a mesma herdanza, tal como fixeran comigo os meus devanceiros desde hai moitas xeracións. Este ben non é outro co noso idioma, no que nos criaron e agarimaron con tenrura os nosos pais e avós e no que acougamos as inquedanzas dos nosos fillos cando eran cativos. A lingua na que vivimos as nosas ledicias e choramos as nosas coitas. A lingua na que se pousa unha rica cultura de centos

de anos que lle dá identidade a un pobo cheo de matices, desde a raia de Feces de Abaixo a Mariña Luguesa e que moitas veces tentaron abafar os que nunca a viviron. A lingua que serve de vencello entre as nosas xentes.

Xosé Luis de Luis Gallego

Inspector Xefe do Corpo Nacional
de Policía

A demais de deixarvos os bens materiais que me pertencen cando me chegue a hora de partir, é a miña vontade que asumades tamén, como herdanza miña, todos os bens, especialmente os inmateriais, que fun atesourando ó longo dunha vida de dedicación esforzada, xenerosa e ilusionada ó oficio que ameí e ó que me entreguei en corpo e alma: a maxia.

Acollede como herdo meu as ferramentas do meu oficio: os xogos, os escenarios, os libros, as caixas que conteñen os elementos que me permitiron crear ilusións diante de milleiros de persoas, ás que lle fixen vivir momentos felices e máxicos. Aceptade con especial cariño as

miñas creacións máxicas, ás que lles dediquei centos de horas e de soños, gardádeas con aprecio. Dispoñede vós, con bo criterio, deste patrimonio que foi meu e compartido, xenerosamente e sen reparos, coas xentes do mundo da maxia. Do mesmo xeito que eu tamén aprendín a miña profesión da transmisión dos meus compañeiros, é un patrimonio, este meu e voso, que pertence tamén a todos os que exercen nobremente este fermoso oficio que procura a felicidade das persoas.

Pero hai aínda outro patrimonio do que vos fago legado, ó tempo que vos prego encarecidamente que o recibades como a maior riqueza que vos podo transmitir: o

idioma que eu herdei dos meus avós e dos meus pais. A lingua que eu falei, amei e defendín durante toda a miña vida, a lingua na que exercín o meu oficio, o mellor do noso patrimonio colectivo, o máis claro signo de identidade dos galegos. Non permitades que se perda, asumide a nosa lingua, faládeas, cultivádeas, non deixedes esmorecer a luz dese facho. Non a vendades, non a alleedes, tedes a obriga de llela deixar ós vosos fillos e ós fillos dos vosos fillos para que Galicia viva, como quixo o poeta, mil máxicas primaveras máis.

Mago Antón

Por todas as partes por onde andei, unha forte identidade étnica facilitoume a integración en todos os grupos que me fixeron o honor de acollerme. Xamais me sentín orgulloso de ser galego; síntoo como algo natural e non me podo imaxinar falando cos meus pais e cos meus irmáns como non sexa en galego, única lingua que falei ata os once anos. Quédavos os meus libros, nos que tratei de interpretar o que eu quería dicir cando dicía: “son galego”, e algunhas cousas das que me fun arrodeando para manifestar o que non podería expresar só con palabras. Non tedes comigo ningunha obriga, senón con vós mesmos.

Manuel Mandianes Castro

Antropólogo



- ● ● Repartidos así tódolos nosos bens materiais queremos agora, a vosa nai e mais eu, facervos mención e legado de algo inmaterial que, non entanto, constitúe un auténtico tesouro que non só contribuirá a facilitarvos a vida, senón que ademais axudaravos a manter viva a vosa historia, a vosa cultura e as vosas raíces.

Referímonos á nosa lingua, a lingua galega, a lingua na que se comunicaban os nosos devanceiros e que chegou ata nós malia as trabas e agresións sufridas outrora. Esa lingua nosa, de melosa fala, ategada de palabras cheas de dozura, tenrura e calor, capaz de expresar, como ningunha outra o fai, os no-

sos mais profundos sentimentos. Unha lingua que de ningún xeito ha ser un atranco para a aprendizaxe de calquera outra, senón que hase complementar con cantas lo-gredes aprender para usalas cando o precisedes; pero, se esta é a nosa derradeira manda e desexo, ha se la lingua arraigada con preferencia no voso corazón e na vosa mente.

Usádea, mellorádea se podedes e transmitídea á vosa prole en similar legado para que, facendo eles o propio, perdure no tempo a nosa cultura galega para ben de todos.

Manuel Mariño Castro

Director de Instalacións e Seguridade
do Real Clube Celta de Vigo

Esta casa, situada no medio rural, que hoxe vos lego, construída polos meus devanceiros e na que, desde a súa construción, sempre se falou en galego.

Esas pedras das paredes, a pouco que escoitedes, falaranvos da historia dos nosos antergos, dos sons cos que se coidaban os animais domésticos, das aventuras e andanzas de familiares, amigos e veciños da vida, das diversas xeracións que nela habitaron.

Prégovos que nesa casa, e nesa terra -Galicia- na que está chantada, se siga conservando a nosa lingua séculos tras séculos; que non se vexa afectada constantemente

por sons idiomáticos alleos a nós. Prégovos que conserveades a nosa lingua de xeración en xeración, con tanto ou máis interese que a casa que hoxe vos deixo.

Castor Mariño Soaz

Secretario de Administración Local

Guíado polo ecoar dunha voz antiga que me arrolou na vella Casa da avoa, no Corgo do Grove, non fixen outra cousa que non fose traballar, palabra sobre palabra, texto sobre texto, libro sobre libro, pola reivindicación do uso social do idioma negado, pola recuperación do prestixio dunha fala constrinxida ao ambiente familiar e das relacións inmediatas, pola restauración do noso sistema lingüístico, literario e cultural tan abafado daquela. E sei, Filla, que deixo en ti a semente agromada que noutrora fecundou en min ese espírito do que non renegarei nin sequera cando xa non quede nada. Non precisas, xa que logo, manda ningunha. Se queda escri-

to nestas partillas é para que non esquezas de onde veñen os fillos e netos dos teus, e sexan, tamén eles e máis elas, arrolados no colo pola dozura das palabras da nai e do pai. E que tamén eles e máis elas non reneguen nunca da súa fala, nin sequera cando xa non quede nada.

Antón Mascato

Editor e Concelleiro de Cultura
do Concello do Grove

*P*equena!

Quéroche dar algo meu que eu recibín da túa avoa, e que ela xa recibira da túa bisavoa, e que estas moito antes tamén recibiran da súa avoa e da avoa da súa avoa...

Quéroche dar algo, que poderás usar para rir e para chorar, para amar, para cantar, para animar ós teus, para consolalos, para coidalos, tamén para berrar e defenderte e... en definitiva, para vivir.

Algo que formará parte da túa identidade, desde a que poderás coñecer e participar do resto do mundo.

Algo que terás que coidar e alimentar para que, así coma hoxe o podes recibir, poidas dentro duns anos pasarllo ás túas fillas e ás túas netas, mellorado e enriquecido pola túa vida.

Algo que poderás regalar ós amigos que tiveron outras sortes coas súas herdanzas familiares.

Pequena, todos os días desde hoxe que naces, e ata que eu morra, hei che dar este agasallo que é a miña e a túa lingua materna.

Elena Maure

Concelleira de Patrimonio Histórico
do Concello de Vigo

- ● ● Así mesmo, rógolles e mándolles ás miñas herdeiras que gocen, con próximos e achegados, dos bens recibidos, tanto materiais como inmateriais. Deste últimos que reciban en herdanza, en primeiro lugar, o ben da paz, ben unido ó principio de “producir máis do que se consuma”. Que reciban, ó mesmo tempo, o don da lingua galega e con ela o patrimonio común da nosa cultura. Que acepten gustosas a obriga de melloralala para lla poder transmitir á seguinte xeración, máis áxil para a comprensión de todos os seres humanos, e máis útil para a solución dos novos problemas que nazan na nosa terra. Que non deixen morrer a mellor maneira

que temos de vivir, pois nese patrimonio inmaterial que deixamos seguiremos vivos cando os nosos corpos volvan á súa terra.

Feito en Nigrán, cando o outono de 2002 deixou sen follas as carballeiras e os gromos das camelias aseguran que unha nova primavera nacerá en Galicia.

Xulián Maure Rivas

Filólogo

*A*vós, os que sodes por amor e sangue os meus herdeiros, porque todas as cousas materiais que xuntei en vida han ser tan efémeras como este meu corpo, ademais dos prados, das leiras e dos montes que vos lego, para que nunca queden ermos, déixovos os seus nomes, sementes antiquísimas, froitos perennes. Xunto coa casa que me deu descanso e acubillo, déixovos a patria, fogar meirande que nunca vai ser ruín, nin na pobreza. Co enxoval, déixovos o deber de amar a lingua, roupa do sentimento, mobiliario da intelixencia, herdanza de meus pais, brasón de estirpe antiga, verdadeira patria, verdadeira terra.

E para confirmar, fóra solemnidade, que esta é a miña derradeira vontade, para vós e para os que veñan dar fe de que me despido, deixo tamén dúas olas de bo viño.

Luz Méndez

Filóloga e asesora lingüística da TVG

A ta aquí, estimados herdeiros, dispuxen da miña facenda do xeito que mellor xulguei para a vosa conveniencia. O que cadaquén faga co seu quiñón, xa é cousa del.

Pero quero pensar que recibiredes de min algúns outros bens máis valiosos, dos que ás veces parolamos e outras moitas demos por entendido, que non precisarán de partilla nin tributarán polos dereitos reais.

Entre eses legados non consumibles dos que podeades gozar en man común, hai un que espero que acubilledes con agarimo e veneración durante a vosa vida. É

a primeira fiestra a través da que tentamos comprender o mundo, o aparello que nos axudou a compartir tristuras e esperanzas, a voz que guiou as miñas fatigas e as dos meus devanceiros. Podedes usar dela, por quendas ou á xunta, déixase traballar arreo, a calquera hora e sen prevencións, porque non se gasta; moi pola contra, canto máis a gocedes máis vizosa se tornará. No tocante a ela, todos sodes os meus vinculeiros e mando que ós vosos fillos, a todos por igual, non lles neguedes esa mellora. A miña man vos dou, co corazón vos falo...

Xoaquín Monteagudo Romero

Secretario de Administración Local

En Pontevedra, o dous de novembro de 2002, día dos Santos defuntos.

Eu, Benito Montero Prego, maior de idade e con residencia en Poio, gozo de todas as miñas capacidades volitivas e intelectivas, e fago este testamento ológrafo.

Os bens materiais que sexan da miña propiedade no momento no que a terra me reclame todo o que me foi dado nesta vida, e no que pase a ser un dos seres que se festexan nesta nada, quero que sexan repartidos segundo as recomendación que sinalo en escrito á parte.

Pídvos que sigan a cumprir unha función social como o fixeron na miña vida.

Teño outros bens que son eminentemente persoais e vitais, sen os que non sería posible a miña vida, e que ó mesmo tempo comparto con moitísimos galegos e galegas de toda clase e condición (uns xa morreron, outros viven e os máis aínda están por nacer): o amor a Galicia e á nosa fala.

Este amor que naceu no berce cando escoitei as primeiras palabras dos meus pais, parentes e veciños, foi aumentando na nenez, na adolescencia e na xuventude, escoitando fundamentalmente a

maríñeiros e labradores, que eran practicamente as únicas profesións no meu querido pobo de Cambados.

En galego conformouse a miña personalidade, arrodado de palabras que na nosa fala expresaban o mundo e os sentimentos.

Con ben poucos anos, meu pai recitábame de memoria cantidade de poesías dos nosos poetas que ían entrando no meu espírito e que, pouco a pouco, me foron creando a necesidade de ler eses poetas maravillosos que me abrían as portas a un mundo de sensacións inexplicables naquel momento.

Pídvos, amados fillos, que nunca esquezades este tesouro de amor á nosa lingua e á nosa terra, e que os transmitades ós vosos fillos, e estes ós seus, e así xeración tras xeración, coa mesma devoción e cariño co que eu volo entrego.

Benito Montero Prego

Fiscal da Audiencia Provincial
de Pontevedra

*Q*s meus fillos:

Cando agrome o meu silencio e me mergulle na éxtase perpetua, cando ninguén guíe o meu voo e ninguén sosteña as miñas ás, cando os latexos do tempo perdan o compás e a innomeable sombra achegue ós meus beizos o vaso da inconfundible auga tenebrosa, quero que escoitedes na vosa conciencia, para sempre, o eco da miña voz, co derradeiro mandado do voso país:

“Nada vos deixo de máis valor que o consello de que loitedes por recuperar os días perdidos ó meu carón, vividos sen vos

decatar de que morrían, e debullalos outra vez, coa avaricia de serdes testemuñas dun tempo de honradez, de traballo e lealdade, sempre envoltos na banda brétema dunha lingua que, como ningunha, sabe agarimar a ánima daqueles que lle son fieis”

O voso pai.

Enrique Mora Morandeira

Ex-Comisario de Policía

E aínda que vos pareza isto que deixo tan pouco abondoso, a seguir virá o mellor dos meus tesouros. Porque aos meus descendentes e aos meus achegados todos, e tamén aos outros, ás persoas descoñecidas e ás que están por vir, déixolles o singular legado da nosa lingua galega, que non é un ben que me pertenza en exclusiva mais que, como de man común o administramos, tamén dispoño dunha partilla. Outramente, que este ben foi, de todos cantos gocei, o que máis me obrigou a dura loita; que non me foi regalado como o aire que respirei, nin trocado a cambio de moeda ou mercadoría ningunha. Tiven que aprender a chuchalos dos que o conservaban, a amasalo

como un sarillo con que me nutrir cada día, a expurgalo, a facer del bandeira; tiven que me converter en xardineira que o cultivase para que as súas raíces afondasen na miña mente e me corresen polas veas. Durante a vida, loitei por ese ben, a lingua coa que a miña tribo ollara desde antigo as cousas todas, para asegurarme a dignidade, para reconstruír cos demais a identidade dun pobo asoballado, en nome dos meus fillos e de tantos como veñan detrás. Gustaríame pensar que defendín ben a posición de elo nesta cadea colectiva e que contribuí, como dixo o bardo, a que o elo non fose só de ferro, que non tendo o ferro mal ningún, mellor sería un elo de pau

de maceira, ou de suave veludo, se non de ouro. Nada hai máis libre que a lingua! Nela e por ela somos, e a miña derradeira vontade é que a cultivedes e a amedes a fin de florecerdes con ela.

Teresa Moure Pereiro

Escritora

O primeiro idioma que escoitei na vida foi, loxicamente, o galego. As terras da Gandarela, a medio camiño entre as veigas de Celanova e o val de Ramirás, e á sombra do imponente outeiro de Castromao, onde mora a raigame propia de tódolos nosos devanceiros, estaban cargadas do arrecendo propio da nosa cultura e da nosa lingua.

Aí foi onde me criei aprendendo a amar as palabras que meus pais me transmitían. Palabras ligadas á xente, ó campo, ós animais, ó clima, ós afectos, á aldea..., á vida e á morte, en definitiva, pois con elas explicamos todo canto nos rodea.

E todo foi dunha forma natural,

porque era natural falar na nosa lingua. E así, de forma natural foi como, desde un principio, quixen seguir utilizando a miña lingua cando a vida me deu a oportunidade de exercer algunhas responsabilidades políticas.

E de forma natural tamén teño tratado de transmitirlla á miña xente, porque creo que ese é o mellor legado que podemos deixar para o futuro, é dicir, o do inmenso patrimonio das palabras, palabras que significan cousas e que nos posicionan e sempre nos posicionarán no mundo.

Antonio Mouriño Villar

Alcalde de Celanova

M

o canto de bens materiais, que non teño, deixo a paisaxe desta comarca do val do Ulla, onde nacín, e onde vivo, tras longo canear por América; deixo as cancións e os romances, os mitos e as lendas que aprendín dende o berce e que inzaron o meu ser; deixo o murmurio do río e os ecos da fala de pais e avós e veciños. Deixo tamén uns libros escritos nesa fala herdada, nesa lingua que amo e utilizo como medio insubstituíble para a miña comunicación cos demais, e que forma parte esencial do meu patrimonio como fillo desta terra.

Xosé Neira Vilas

Escritor e académico da RAG

*D*éixovos tamén a miña lingua, que agora é a vosa, para que a sigades facendo de todos nós.

A lingua que vos acougou nos vosos primeiros choros e coa que nos despedimos no derradeiros alento. A lingua na que pedistes o primeiro anaco de pan e vos laiaistes das vosas primeiras doenzas. A lingua coa que ó dicir avoa, bico, man, leite, cascarrubia..., entrastes e formastes parte dunha cadea unida polo son único do noso idioma.

Alba Nogueira López

Profesora da Universidade
de Santiago de Compostela

“Lego a nosas fillas, aos netos e os seus descendentes -continuadores dos maiores que nos precederon de Lalín do Deza, Carballo de Bergantiños, Santiago de Compostela, Toba de Fisterra e Lavadores, Rio Mao e Meira da Ría de Vigo- o querer responsábel que temos pola lingua galega e por Galiza como nación no mundo. Confío en que estarán no labor da mellora da vida en toda a Terra, da defensa dos dereitos humanos e do amor pola diversidade cultural”.

Camilo Nogueira Román

Ex-Deputado
do Parlamento Europeo

*F*iven a sorte de nacer nunha pequena aldea do concello de Marceda, en Francos, ao pé da Serra de San Mamede, zona vixiada permanentemente pola Virxe dos Milagres. Recibín dos meus antergos, entre outras poucas cousas, a nosa lingua galega. Esa foi a comunicación propia da familia, dos nenos e maiores da aldea. Unha cultura eminentemente poética. Creo que foi unha cousa de gran valor na miña formación, aquela formación recibida dos meus devanceiros, coñecer e pronunciar nomes, que quedaron marcados para sempre na miña memoria: cabazo, barbeito, canellón, balde, rodeiro, gorxa, rola, seitura, esfoliar, entre outras.

Déixolle á miña familia todo o que puiden conseguir co meu traballo, pero tamén vos deixo o que recibín dos meus antergos. Déixovos todas as vivencias, coñecementos e achegas, amigos e xornadas, que melloraron os meus coñecementos da nosa lingua, os plans de formación nos nosos centros de ensino, tanto a profesores coma a moitos dos trinta mil alumnos que pasaron polas nosas aulas. Pídvos que sigades a tarefa iniciada de traballar en favor do galego. Que asumades o compromiso de transmitirles aos vosos descendentes esta inquietude.

A miña esposa, Mercedes, así como os nosos fillos, Marta María, Francisco Javier, Ruth e Jacobo, terán

para o futuro o deber de seguir colaborando coas institucións, públicas ou privadas e cos nosos amigos, en xeral, para que Grupo Academia Postal, siga firme no seu convencemento de que é posible un bo ensino, usando, cando iso sexa posible, a lingua galega. Pídolles que o anagrama de Grupo Academia Postal, pase a ocupar un lugar importante no futuro dos seus descendentes, que o respecten e o queiran, tamén que o seu futuro se desenvolva coa humanidade de sempre, sentido responsable, unidade familiar e protección aos máis necesitados.

Francisco Nóvoa Rodríguez

Director xeral Grupo
Academia Postal

“ A identidade colectiva dun pobo exprésase a través da cultura que lle é propia tendo, como os bos viños, rasgos de personalidade diferenciada e única.

A matriz da cultura é o idioma, do que saen criaturas que na medida que o cultivan fanse inmortais a través das sucesivas xeracións. Polo tanto, se as miñas netas queren respectar a vontade do seu avó, déixolles en herdanza o deber de falar e escribir en galego e, a poder ser, que o fagan dun xeito fermoso”.

Antonio Oca

Director Xeral de Produción,
Industrias e Calidade
Agroalimentaria

Gamilo Isaac Ocampo Gómez, natural e veciño de Ourense, casado con MPVD e con dous fillos do citado matrimonio, DIOV e XPOV, noméo a estes os meus herdeiros universais, facéndolle ós dous as encomendas que a continuación expreso:

Primeira. Deberedes esforzarvos en manter vivo o uso do galego alí onde estedes. Porque, como ben sabedes, o galego constitúe o elemento principal da nosa cultura, ese conxunto de formas de sentir, pensar, actuar e expresarse que, ó aprendelas e compartilas coas persoas do contorno, fan de todos nós unha comunidade distinta coa que nos identificamos e á que

amamos. Aspectos todos eles importantes no desenvolvemento da identidade persoal e a autoestima requiridas para ter un sentido ético da vida, ó tempo que xenerosidade cos demais nos problemas cotiás.

Segunda. Haberedes ler con frecuencia as obras dos nosos escritores, afondar na historia de Galicia, da que tanto podemos aprender, e seguir progresando na estima dos nosos valores artísticos. Nese espazo tridimensional os símbolos adquiren, máis alá do contido emocional que lle é propio, unha significación que os fai máis vivos e actuais, facilitando esa respec-

tuosa asunción que resulta imprescindible nas persoas e comunidades integradas.

Se cumprides ámbalas cousas, estou seguro de que sempre participaredes destas actitudes vitais tan arraigadas en Galicia e que se relacionan co “sentido” co que deben facerse as cousas. Actitudes que transmitiredes con orgullo, porque constitúen unha excelente aportación para lograr, no difícil mundo de hoxe, un desenvolvemento económico rexido polo principio de sustentabilidade, a partir do cal é posible darlle pulo a unha convivencia democrática na igualdade e no respecto ás diferencias, afianzada na solidariedade, valo-

res todos polos que nós, vosa nai e voso pai, xunto con outras moitas persoas, loitamos día tras día.

Camilo Isaac Ocampo Gómez

Subdelegado do Goberno en Ourense

*P*rimera Cláusula testamentaria:

Declaro ser galego, ter crecido, vivido e educado familiarmente nesa fe e desexo perseverar nela ata a fin dos meus días. Pídolle aos meus fillos e ás estirpes destes que polo ben da miña alma, das dos meus antecesoros e das de seu, teñan presente sempre as raíces de seu e falen e escriban galego na miña memoria e na dos ascendentes, tódolos días das súas vidas e así ata a fin dos tempos e mentres o mundo sexa mundo. E que teñan o galego como lingua materna, sen imposturas nin ritualismos; e todo na firme convicción de que a constancia na práctica desta

crenza é o único camiño para a salvación da súa nación.

Xosé Avelino Ochoa

Avogado

Ser homes e mulleres de Galicia é unha sorte que deberíamos saber desde que a vida nos permite descubrir a luz, pois só así somos universais; é dicir, cidadáns do mundo. Esta verdade que, por veces, a intelixencia demora tanto en descubrir, fáisenos evidente a berros desde os territorios da bocarradeira de Trasalba, do mar de fóra de Touriñan, da montaña do Incio, do mar pechado e vizoso de Vigo ou da granítica Compostela. O país e a súa feitura énchenos o corazón de sabedoría secular e fainos descubrir ese acto de amor que é Galicia e comeza o camiño que andaron xentes durante séculos: o compromiso, a responsabilidade, a xustiza, a solidarie-

dade, o traballo para facer que a nosa lingua e a nosa cultura, a nosa riqueza, o noso compromiso coa liberdade, a xustiza e a paz sexan un feito vivido na pegada que cada día deixamos, facendo camiño. Eles, os nosos antergos, foron quen de transmitir este testamento colectivo. Vivide vós cada día máis con Galicia, para así sermos universais e libres e, como consecuencia, felices.

Dígoo en Santiago de Compostela, o día dez de outubro de dous mil dous

Encarna Otero Cepeda

Directora Xeral de Calidade
da Vivenda

“ E velái dispoño tamén que recibades por manda tesoural o meu exemplo de vida. Vida na que tratei de conxugar a palabra amor coa mellor actitude. E moi especialmente no amor a vós e a Galicia. Na miña fe cristiá sempre tentei de lle profesar observancia rigorosa ó segundo Mandamento da Lei de Noso Señor. Tentei de cumprilo e niso tamén foi a miña atención para convosco e para Galicia. Nunca vos invoquei para un mal argumento, nin para ningún fin interesado. Agardo pois de vós que no que vos quede de vida, así fagades outro tanto. Nunca tomedes en van o nome de Galicia. Nin tampouco o voso, o de galegos.

Ter presente que Galicia acolle o

pobo do galego. Pobo con lingua, con historia, con costumes e tradicións. E por tal con cultura de seu, que a cada día, nas vosas vidas, debedes conservar e construír. Iso ha determinarvos en maior grao para dicirvos máis galegos.

Nunca lle perdades fidelidade ó voso pobo. Nin tampouco lealdade á vosa identidade. Vivide na esperanza como deber. Exercede os pensamentos e gozade dos vosos logros e dos sentimentos máis nobres para con esta voso terra, Galicia, a cal debedes conservar primorosamente para que vivades o progreso e por tal se for preciso daredes xenerosamente as vosas vidas por ela.

Soñala expertos e na liberdade que debedes conservar, propoñede proxectos comunais de dignidade. Intuíde como queredes ser dende quen sodes. Traballade arreo e nas vosas exemplaridades de amor a Galicia, a todo o que ela posúe, definide a voso presenza de contino. E nesa causa, sempre en galego, educade os vosos fillos e as vosas fillas. E como para min dispoño, cando a súa hora, daredes quen sodes a Galicia, a memoria e mais os recordos, pero irrenunciamente expresado na voso lingua, a galega.

E así, en manda quede declarado o patrimonio que para vós dispoño.

David Otero Fernández

Mestre e escritor

*M*oito vin e moito vivín, moito sentín e algo chorei, moito gañei e moito perdín. E, cando chegue a negra sombra coa fouce, paradoxos da existencia, gustaraime deixar o que non é meu, o usufructo que lle caíu a cada galego de seu, a nosa cultura e as nosas tradicións, o noso xeito de pasar pola vida, o único que nos vai permitir lembrar de ónde vimos para saber cara onde imos, ou cara onde non imos.

José Manuel Otero Romar

Director Xeral Pousadas
de Compostela S.L.

*D*eseño que os meus herdeiros manteñan viva a nosa lingua e que promovan a fortaleza da cultura, de forma que na sociedade do futuro, a cultura e a lingua galegas contribúan á construción dunha sociedade máis libre, creativa, dinámica e participativa. Requiro que se manteña e desenvolva a riqueza das potencialidades do patrimonio cultural de Galicia. Deseño que os meus beneficiarios traballen por unha cultura á que teñan acceso todos os cidadáns, promovendo o debate de ideas e o libre pensamento; asegurando que a cultura galega participe activamente na construción e configuración do espazo cultural europeo.

Emilio Pérez Touriño

Presidente da Xunta de Galicia

Cando xa non estea convosco, cando a distancia que nos separe sexa inexorablemente eterna, cando o sol pase pola miña porta e volva ás terras de Goián para durmir para sempre fóra da casa, cando as miñas cinzas sexan espalladas polo Miño para fundirme na fermosa paisaxe raiana, será logo cando leades estas liñas que espero vos axuden a comprender as miñas teimas e os meus sentimentos.

É o meu desexo que os meus bens sexan vosos, aqueles poucos materiais que con esforzo conseguín ao longo da miña vida e aqueles outros que recibín dos meus antergos: outeiros, leiras, piñeirais, paisaxes, paxaros..., espero que

sexades quen de mantelos con respecto e agarimo; déixovos tamén eses outros bens, os que non se mercan, os que necesitan o arroupe permanente para mantelos acesos, a xustiza e o compromiso social, os amigos verdadeiros, a familia, o amor á terra na que nacín, a súa historia e cultura, a súa lingua; lingua que non mamei desde o berce pero que aprendín a querer e a utilizar e da que me sinto orgullosa por ser o sinal de identidade que nos define e nos fai únicos; será a vosa obriga e o meu desexo que sigades utilizándoa e aprendades a sentila e querela coma un tesouro, só dese xeito a memoria de min será distinta.

Dada en Goián, nas Ameixeiras, con todo o meu siso e toda a miña memoria, no mes de novembro de 2002.

Carme Pérez Vaquero

Funcionaria

Ó noso testamento notarial, outorgado pola miña dona e máis por min, no que na cláusula primeira se nos faculta para “cortar árbores polo pé, e sen a obriga de repor as couss mobles e inmobles que se deteriores ou estraguen polo uso”, queremos engadirlle: “Outramente, é o noso máis fondo desexo que, comprometidamente, os nosos herdeiros loiten e traballen por manteren vivo o patrimonio cultural, a lingua, a tradición e os sentimentos de pertenza a un pobo que soubo legarnos esta riqueza”.

É, pois, a nosa firme vontade, e así o facemos constar, que todo este patrimonio se transmita ás xeracións vindeiras, xa que logo, desta manei-

ra facémoslos partícipes, ó tempo que tamén construtores, do gran edificio cultural e espiritual elaborado polos nosos devanceiros.

Asino en Vigo, no mes de Santos do ano 2002.

Xosé María Pin Millares

Licenciado en Filoloxía

Entendendo que todo isto que vos lego non é senón a parte material -e, polo tanto, efémera e menos importante- de todo canto ó longo da miña vida fun quen de compilar. Quero que esoutro anaco de riqueza inmaterial que tamén eu recibín dos meus pais e me esforcei por conservar e acrecentar -esa que forma parte inherente do meu patrimonio persoal-; é dicir, o noso legado cultural ou, o que é o mesmo, o noso xeito de ser e de interpretar o mundo; a nosa cultura e a nosa lingua, en definitiva, a saibades tamén conservar. Por iso vos pido que eduquedes conscientemente os vosos fillos nela, continuando así, na cota que vos corresponde, esta

obra cultural milenaria e colectiva interminable, pero revalorizándoa.

Antón Piñeiro Feijóo

Fundación Casa dos Poetas de
Celanova

*D*éixolles esta manda ós meus benquerido fillos, Llerena e Xosé Antón, aínda dende a lucidez e co desexo de lles deixar algo máis ca lembranzas ou bens materiais, como transmisión dun compromiso herdado e voluntariamente asumido:

- Gardaremos, honraremos e transmitiremos a memoria dos que antes de nós contruíron a patria onde nacemos.
- Conservaremos e acrecentaremos o legado histórico, ambiental, cultural e lingüístico que nos foi achegado.
- Daremos exemplo, perante os fillos que algún día virán, de compromiso con Galicia e coas súas xentes.

- Traballaremos arreo porque o noso país sexa cada vez mellor e porque o futuro se contrúa sen esquecer o pasado.
- Lembraremos que só os que pertencen a un lugar poden sentirse auténticos cidadáns do mundo.
- Respectaremos os dereito culturais e lingüísticos de todos os pobos, do mesmo xeito que desexamos que se respecten os nosos.

Fago constar, deste xeito, a miña vontade, na confianza de que será respectada e cumprida polos meus descendentes, en Vigo, cando era o 10 de outubro de 2002.

María Xosé Porteiro García

Escritora

*T*iven a honra de coñecer a gaita galega hai algúns anos, cando éstes, aparentaban os Tráxicos para o noso instrumento; parecía desaparecer, ou pasar o esquecemento por falta de ensinantes e intérpretes.

Afortunadamente non foi así. O noso esforzo, o esforzo de moitos e do mestre Enrique Otero Covelo que conseguiu introducir a gaita no conservatorio, volveu recuperar a saúde polo interese de tantos.

Síntome satisfeito por ter participado nesta loita en 1.996. Organizamos a nosa escola, a escola da gaita de Barbude, a que entreguei os meus humildes coñecementos.

En gaita, percusión, e baile galego consistiu a nosa dedicación para xoves e adultos, a cambia da súa amizade.

Foron moitos os alumnos que pasaron por estas aulas.

Varios camiñaron ao conservatorio, outros tocan en grupos folclóricos e tamén na nosa banda, a Banda de gaitas de Barbude. Creouse unha gran familia.

Pero neste posto ninguén é permanente. Aos nosos alumnos e a todos en xeral, déixolles esta importante herdanza, transmitir a aprendizaxe do mesmo xeito que a recibistes.

Gardade os meus apuntamentos. Quédavos o sacro deber da continuidade, e non teñades medo, estades preparados. Os valores conseguidos xa ninguén volos poderá arrebatat.

Lembrede non entrar nunca na guerra das gaitas, nin nas gaitas da guerra, en xeral, en ningunha guerra.

Camiiñaremos sempre con esta linguaxe universal que é a música.

E non hai volta atrás. O camiño percorrido foi longo e valeu a pena, sen dúbida.

Graciñas a todos polo comporta-

mento, o interese cotiá, ás horas compartidas e que a gaita galega siga sendo o símbolo da nosa terra.

José Manuel Porto Iglesias

Director da Escola
e Banda de Gaitas de Barbude

“Cando me chegue a hora, que tén que chegarme, quero deixar en herdanza para todos o meu amor á lingua nai, á liberdade e á solidariedade. Terme sentido cidadán do mundo en Galicia e por Galicia é para min un orgullo como galego. Arrecender a galeguidade e compartila e espallala por onde queira que un vaia paréceme que é o mellor que poido legarlle ó futuro.”

Xosé M. Pose Mesura

Subdelegado do Goberno
de A Coruña



*P*régovos encarecidamente que consideredes a nosa lingua, a nosa cultura e a personalidade histórica de Galicia como a mellor herdanza que vos podo deixar, e confío que saberedes transmitirilles ós vosos fillos a lealdade galeguista que enche a miña vida.

Avelino Pousa Antelo

Presidente da Fundación Castelao

*A*gora quero lembrarvos tamén a necesidade de que vós sexades transmisores doutro legado, o maior tesouro. Tedes a fortuna de serdes coñecedores da riqueza que se agocha na nosa cultura, e tedes tamén a obriga de conservala e de lle amosar ó mundo a súa beleza. No Grove, a miña querida terra, as xentes do mar saben ben dese sentir galego. Arriade vós tamén no mar da vida os aparellos da nosa lingua. Este é o maior patrimonio que podo ensinarvos, a herdanza que sei de certo que nunca poderedes vender nin empeñar. É un tesouro que eu nos vos deixo, senón que vos emprestan os voso fillos, os galegos de mañá. Porque a eles téñenlles que chegar sempre

estas verbas co arrecendo da ría. A lingua, a historia e a cultura son bens de todos e ninguén pode privarvos deles, só vós mesmos.

Ana Prieto

Xornalista

*D*esexo que os meus herdeiros fagan un esforzo por intentar comprender o que é a vida, pero a vida no seu sentido máis amplo, tanto no aspecto biolóxico, coma no aspecto biográfico, co gallo de acadar a tan ansiada felicidade. Pero, debes loitar para que esa felicidade non sexa algo efemero, senón unha felicidade que se corresponda co voso estado natural. Son consciente de que non é tarefa fácil, pero debes comprender que vivir significa tanto estar ledo coma triste, saír victorioso ou derrotado, ser gañador ou perdedor; en definitiva, ser persoa.

Desexo, igualmente, que transmitades este sentimento a través das

vindeiras xeracións e que entidades que o máis importante de estar vivo é, precisamente, vivir.

Enrique Prieto Porto

A demais, déixovos “O tesouro”. Xa ten anos. Vén de familia. Vén, tamén, de vello. Ben que o coidaron os nosos antergos das Chans de Amoeiro, e ben que o coidei eu. O tesouro da nosa fala, da nosa cultura, da nosa arte. O noso patrimonio, a nosa identidade. É moi importante que o conserveades, respectedes, defendedes, transmitades..., acariñedes. É o que fai que sexamos nós.

Antón Pulido Novoa

Pintor

Prefiro chamarlle doazón á lingua que proferín desde o colo á miña descendencia, non só por preferencia de meu, senón pola susceptibilidade que lles produce a palabra “mandar”. Tampouco cedo unha herdanza porque non herdei o galego. Logreino con conciencia e aprendino con vontade e respecto, o mesmo que transmitín, lonxe de sentimentalismos que se dilúen nas pozas da conveniencia. Fun, tamén, dadora da lingua a outras persoas queridas e, a través da escrita, teño a enorme fortuna de comunicarme con seres que nin coñezo. Máis ca unha doazón é un gozo.

María Xosé Queizán

Escritora

*M*arta e Edu, os meus fillos:

...ademáis deixovos as historias do fondo da Devesa, de xogos no campo da escola dos meus pais, das historias no eido e na finca da Sucadiña, o conto de Mariquiña e o do canón de pau...

Deixovos tamén a obriga de transmitirlos aos vossos fillos para que a través delas disfruten como vós disfrutáchedes, e descubran o respecto e o amor polas persoas e pola nosa lingua.

Asinada en Vilavella en novembro de 2008

Eduardo Reguera Ocampo

Concelleiro de Cultura no

Concello de Redondela

Quero rematar cunha derradeira manda de obrigado cumprimento para as miñas herdeiras. Sendo coñecedoras da miña vocación pedagóxica como mestre e alcalde do Concello de Redondela, quero que as miñas fillas saiban que lle dediquei a miña vida ó servizo dos demais. E fíxeno con sentido social, tratando de favorecer ós desprotexidos. Pero fixen algo máis do que me sinto especialmente satisfeito: impulsar o proceso de normalizar a lingua galega nos usos xurídicos e administrativos, sen esquecer outros ámbitos. Agora, cando fago balance, decátome da importancia deste meu labor. Por iso quero que ámbalas dúas fillas, únicas herdeiras miñas, se sintan

orgullosas deste labor cultural e que, alí onde estean, o continúen ou, se non fose o caso, que manifesten apoio a todas as iniciativas que busquen a dignificación da lingua galega.

Quero, tamén, que me enterren en lingua galega e que o meu cadaleito leve a bandeira galega e a do Partido Socialista de Galicia. Asemade, ordénolles ás dúas fillas que todos os anos celebren unha festa familiar á que conviden os seus amigos, na memoria miña e de exaltación da lingua galega.

Xaime Rei Barreiro

Alcalde do Concello de Redondela

Eu, Gonzalo Rei Chao, tamén coñecido polo alcume de *Virgondoiro*, nado na ilustre vila pontevedresa da Estrada -hai tantos anos que xa non gardo memoria de data e circunstancia-, precariamente san e enteiro nas miñas facultades mentais, aínda que escasamente cumprido de entendemento e “sentidiño”, mais non falta de sensibilidade e, así mesmo, minguado e fraco de bens materiais e con máis débedas que haber, digo e proclamo que nada podó deixar en herdo, a non ser o meu firme desexo de que todos os paxariños de fragas e chousas proclamen por sempre, axudados pola ampla e redonda voz do vendaval, as excelencias dunha fala

que foi sempre perseguida e que pervive nas xentes por gloriosa e firme resistencia.

Ítem máis: que as pólas dos castiñeiros e carballos de soutos e devesas sexan páxinas egrexias de todos aqueles galegos que rexa-mente souberon defender a lingua e a cultura desta vella nación.

Que así aconteza.

Outorgado en Compostela, a cinco días de novembro do ano dous mil dous

Gonzalo Rei Chao *Virgondoiro*

Actor

*A*s beneficiarias e beneficiarios do meu patrimonio económica, ás miñas descendentes e, en xeral, a toda aquela persoa que teña algún interese xeneroso en referenciar a miña memoria persoal ou do meu labor profesional e artístico, pídolles que teñan sempre a causa universal da liberdade, da fraternidade e da igualdade que non noso país se expresa no noso idioma natural, o galego, e que debe defender sempre o grao máximo de autogoberno e de libre determinación, para poder integrar con coraxe e melancolía a nosa solidariedade individual e colectiva por un mundo e unha vida mellores.

Antón Reixa

Director de cine

Pídvos que aínda que esteades lonxe da terra, sigades amándoa como vos ensinamos desde nenos. Non vos cansedes nunca de coñecela mellor, os seus lugares, as súas tradicións e o seu patrimonio cultural. Coidádea e aloumiñádea.

Pídvos que sigades mantendo a lingua e transmitíndollela ós vossos fillos como signo de identidade e como canle de amor e agarimo entre eles, nós e vós. Tede sempre presente as vosas raíces, e a importancia da familia. Isto axudaravos a non perder o norte vital. Non esquezades nunca a tolerancia deste pobo e tentade espallala polo voso arredor. Lembraide a cotío os principios éticos e relixiosos que

sementamos en vós. Farán máis doado o camiño da vida. Tentade facelo ben. Deixade o mal para os demais e tentade combatalo. Sede sempre bos e xenerosos.

Teresa Rey Barreiro

Ex-Directora Xeral de Familia

A vós, meus fillos e netos:

Por respecto á miña vida, ós meus feitos, degoiros e angueiras pasadas, eu pídovos, nesta miña derradeira vontade, o seguinte:

Lembrede sempre con ledicia que formades parte de algo indiscutible, inallegable, incomparable e único, dun todo complexo e amable, que se resume no meu corazón cunha única e estridente voz: Galicia.

Lembrede que estades aquí, neste mundo, grazas ó traballo e ás fatigas de homes sen número, que vos precederon no cariño filial, no amor a esta patria, da que sempre saberedes ser parte duradeira e formal.

Lembrede que eu, nesta miña vida que xa remata, sempre pretendín ser consecuente coa nosa historia, coa lingua do meu pobo, cos seus costumes, devezos, miserias e logros, dende o primeiro momento no que eu tiven razón para comprender o valor da memoria.

Lembrede, meus nenos, grandes e pequenos, que a historia que perdura é a razón dun pobo, e que o pobo que convive na intimidade das horas amigas, falando a lingua dos antigos, permanece indefinidamente durante anos como estrelas, para facer de Galicia, algún día, o país que eu sempre soñei.

Xosé Benito Reza

Director Xeral de Conservación
da Natureza

*X*a sabedes, meus fillos, filla e dona, que con aqueles saibades rexenerrar o meu espírito, tendo en conta o ceo, as terras e a paisaxe espiritual do noso axeitamento, e da vida de paxaros mariños da emigración. O que vos puiden deixar no voso alento foi só a ledicia, a amizade e o espírito dos nosos antergos. Fostes quen de engrolar e artellar nos diferentes xeitos do voso facer galego, coma vos a nai, voso pai e demais familiares do Coto Dabaixo e da rúa da Esfarrapada de Redondela, onde a vos a avoa do Coto e da rúa mariñeira vilega vos facían os aloumiños dun futuro de aquí e non de aló.

Ben sabedes o que vos teño que

dar, como herdeiros dos meus bens de follas da cultura galega, que sempre me escoitastes falar e loitar para que a nosa lingua se escriturase en Nova York, e en calquera parte onde fosemos. Esa herdanza é o meu sólido montón de cousas que vos deixo para que a Galicia xusta, democrática e libre co seu pensamento propio, continúe na eternidade dos países, e das xentes de todo o mundo. Que o meu agarimo de morto sexa a vosa dedicación á nosa terra e a nosa lingua.

Amado Ricón Virulegio

Ex-Presidente do IGAEM

Encoméndolles ós meus herdeiros, a todos por igual, que manteñan viva e que lles trasmitan ós seus a tradición universalista da nosa terra, a querencia por unha Galicia aberta ó mundo, unha Galicia xenerosa e sen fronteiras que cultiva a súa singularidade para achegala ós demais, progresando, sen cesar e sen máis límite có da renuncia suicida á propia identidade, cara a unha Galicia na que os seus cidadáns exerzan de galegos no mundo, actuando sempre como cidadáns do mundo, sen deixar por iso de seren galegos.

Xulio Ríos Paredes

Director do IGADI

Como penso que a cousa do herdo non só debe ser dar un patrimonio, senón tamén dar algúns consellos de vello, prégo vos que teñades en conta na vosa vida o seguinte dito do noso refraneiro popular: “Non hai pouco que non chegue, nin moito que non se acabe”.

Lembrede que sempre teredes abondo como para compartir algo con quen o necesita máis ca vós. Para evitar esquecementos, podedes poñer unha cantidade fixa do que gañedes no ano para fins concretos (1% para, 0,7% para..., etc), e non esquezades os descendentes dos que axudaron dende Iberoamérica a que estudiasen

moitos galegos e introduciron o galego nas nosas escolas.

Manuel Roca Cendán

Profesor da Universidade da Coruña

*P*ouco teño para vos deixar, onde ben herdei dos meus devanceiros a marabillosa chave da lingua coa que abrín as portas do meu corazón aos mellores sentimentos, souben dos asombrosos poderes da palabra, descubrín os recantos da amizade, berrei rexamente contra a inxustiza social, reclamei solidariedade contra o trebón, reivindiquei a igualdade entre todos e, en fin, coa lingua percorrín os vieiros do amor; vós sodes, meus fillos benqueridos, o seu froito. Esta é a xoia máis prezada que vos podo deixar en herdo. A lingua é coma unha muxica lene que cómpre avivar acotío para que non esmoreza; sentídevos, pois, orgullosos dela e utilizádea cum-

pridamente para lle aventurar mil
primaveras máis.

Benxamín Rocha Coladas

CCOO ensino -Vigo

S ara e Marcos, queridos fillos, mentres puiden quixen darvos cariño que vos alimentase para o resto da vosa vida... Agora quero deixarvos un dote que non é pequena, un lugar e unhas palabras; ou as dúas cousas xuntas: as palabras do lugar o lugar das palabras. Quero darvos a esperanza de vivir nun lugar que mereza ser habitado, un país digno, libre e orgulloso. E déixovos esas palabras que son vellas e que son novas, que son nosas de aquí e que tamén se estenden polo mundo, no noso sur que é Portugal e alén do océano, no Brasil. Non son cousas pequenas, vedes que son palabras pequenas e grandes, humildes e poderosas. Toda palabra, se é querida, é humilde

e poderosa. As nosas, ademais, son as nosas. Foron miñas e agora son vosas.

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Pedadogo

Saiban cantos esta manda testamental vexan que eu, Xosé Rodríguez Cruz, natural e veciño da vila da Gudiña (Ourense), lles rogo encarecidamente ós meus familiares e amizades que cando Deus dispoña da fin da miña pasaxe por este mundo, producido o óbito, cumpran o meu desexo de que funeral, misas, cabodano....se celebren na lingua nai, galega. E que a terra galega engula de novo os meus restos, aínda que a morte me sorprenda alén dos lindeiros das Portelas, Pedrafito ou da Raia portuguesa. Chegado á meta, que a bandeira azul e branca sexa a miña compañeira no descoñecido vieiro que me agarda e que, ó mesmo tempo, a gaita co seu fino bruar espalle o son do himno gale-

go, facendo calar por uns instantes o agradable cantar dos paxaros e os ruídos das embravecidas cenizas e cachoeiras, que se escoiten nas mestas touzas de carballos, soutos, piñeirais, nos fondos cavorcos e corgas, nos altos outeiros...Que a miña dona, compañeira nun treito da miña vida, vixi para que isto se cumpra. E que a miña filla, sangue do meu sangue, ame sempre a Galicia e que conserve, transmita e defenda a fala galega, se fai falla entregando a súa propia vida, como seu pai de certo así o faría se fose necesario. Teño dito.

Xosé Rodríguez Cruz

Policía Nacional

Benqueridos Fran e Pedro, quixera deixarvos escrito este testamento atípico, un testemuño sen valor material pero que sei que vai chegar aos vosos corazóns.

Quero que sexades quen de transmitirles aos vosos futuros herdeiros todas aquelas palabras que de nenos escoitastes da vosá nai, tanto aquelas que vos aloumiñaban ou divertían en momentos de xogos e desacougos, “meu tesouro”, “miña lúa”, “meu toxiño”, os contos de “paticorto”..., como todas aquelas outras que vos axudaron a medrar como persoas e que permitiron que saibades apreciar o valor incalculable da nosa lingua e da nosa cultura. Xeracións anteriores tamén lles transmitiron aos

seus fillos/as estes mesmos valores e querenza pola lingua e foron quen de conseguir que nos sintamos orgullosos de quen somos e do que temos. Polo amor que vos teño, polo que sei vos teñen os vosos avós e para cando xa nos esteamos aquí, que quede sempre con vós este testemuño.

Quixera irme sabendo que nas vosas mans e nas de todos os nenos/as de Galicia nas que está posto o futuro haberá tamén un futuro prometedor para a nosa lingua.

Vosa nai.

Guadalupe Rodríguez Silva

Concelleira de Educación
e Normalización Lingüística do Concello
de Santiago de Compostela

Os bens materiais que che deixo sabes que os debes compartir co teu pai, tanto os adquiridos en matrimonio coma os herdados dos nosos antergos, pois todos axudamos a adquirilos a a mantelos.

Os bens inmateriais, fundamentais para transmitir o que somos, espero que non se che esquezan e sigas a manter os puntos de referencia, de encontro, de opinión e crítica que sempre intentamos establecer con vós; non esquezas que somos diferentes culturalmente, pois a lingua e o modo de ser galegos márcannos, pero como sabes tamén nos enriquecen e enriquecen ós que se nos achegan.

Se xenerosa, sobre todo na comprensión dos outros, pois todo é “asegún”..., como sabes.

Loita por unha sociedade culta no seu máis amplo sentido, pola xustiza, a convivencia e, en definitiva, a paz e procura axudar a erradicar o pensamento minifundista, tanto material coma inmaterial, que nos caracteriza, pero sempre respectando as singularidades das persoas, lugares e países.

Blanca-Ana Roig Rechou

Profesora da Universidade de Santiago de Compostela

A quen quero: aínda cunha miga de xuízo e en certo gozo das miñas facultades, resolvo elaborar o seguinte testamento para disporde dos escasos bens que vos podo deixar despois da miña morte. Escasos, porque foron moi poucos os que nos deixaron os meus. Polo medio pasáronlles moitas cousas: a emigración, o fascismo, a vergoña. Logo, xa a min, pasáronme moitas outras: vivir nas cidades, a escola, a colonización cultural e turística, outra vez a vergoña. Por iso é tan pouco o que queda para darvos, o que puiden recadar remexendo moito, moito nos faiados, nas falas da xente cando é libre, mesmo nos libros. Estaba por todas partes, pero moi agochado. Era de todas as persoas

e de ninguén, pero custou moito traballo xuntalo todo, porque nolo roubaran. Évos ben pouco, pero é o que somos. Non o gardedes coma un tesouro nun faiado, porque tampouco é só para vós: é para usárdelo ou non é.

Lara Rozados Lorenzo

Dinamizadora xuvenil e xornalista

Primera. Déixolles ás miñas fillas, María e Carme, como parte principal da miña herdanza, a lingua galega que eu recibín dos meus devanceiros. E prégolles que a coñezan, que a queiran, que a falen, que a escriban, que a defendan, e que llela transmitan ós seus descendentes; que non a vendan, nin a hipotequen, nin a traizen en dexamais.

Así mesmo, déixolles ás miñas devanditas fillas o meu amor á terra galega e á xente que vive nela. E prégolles que coiden a natureza; que sementen carballos e castiñeiros; que manteñan limpos os ríos; que non contaminen o aire; e que axuden en todo o que poidan para

que Galicia siga sendo un fermoso paraíso no que todos os que veñan poidan falar, sorrir, soñar e vivir en paz, ledicia e liberdade.

Juan Antonio Rúa Prieto

Notario do Carballiño

Cheguei a esta vida espida e sen folgos. O que primeiro recibín foi o aire que me encheu os pulmóns e con el as palabras agarimosas da miña familia que me envolveron por dentro e por fóra xa para sempre. Con elas e grazas a elas fun medrando e as neuronas multiplicando as súas conexións. A miña lingua situoume no tempo e no espazo da Mariña de Lugo. As súas peculiaridades axudáronme a identificarme e a diferenciar-me ao mesmo tempo. Durante toda a miña vida gocei deste legado dos meus avós e dos meus pais, que eles me pasaron con naturalidade, sen pensar sequera no que me estaban dando, porque forma parte da vida, déronme a miña lingua

como me deron a vida. Sempre a utilicei porque era miña, por respecto e agarimo dos que ma legaron, e con respecto as meus interlocutores. Nunca a concibín nin como barreira, nin arma, senón como instrumento de comunicación e identificación. Deste xeito procurei que a recibiran as miñas catro fillas, co orgullo do que só é delas, coa importancia de saber de onde procede, e co agarimo da súa beleza. Sei que o conseguín. E sinto orgullo por iso. A elas déixolles todo o que teño e o exemplo do mellor que fun e transmitín, e pídolles perdón polos erros que o amor que sentín por elas me puido obrigar a cometer. Déixolles unha forma de falar,

sentir e vivir no tempo e no lugar que me tocou, coa manda, ás catro por igual, de que sigan amándose e comunicándose no idioma galego que as identifica, coa manda de que manteñan viva a nosa lingua, que a fagan cambiar e evolucionar con elas, para que lles siga servindo para aquilo para o que naceu: a transmisión do pensamento. Sei que esa semente agromará nun chan abonado de respecto, intelixencia e tolerancia, e vós tedes que poñer a vosa parte para que sexa unha realidade. María Cristina Rubal González.

Cristina Rubal

Subdirectora Xeral
de Política Lingüística

Cando me vaia quero quedar nos vosos corazóns. Neles deberá agromar o amor por todas aquelas cousas boas, que son xustamente as que non se poden comprar con cartos: os días de sol de maio, a praia limpa de Cedeira no mes de xuño, a chuvia cradora de setembro, o asubiar do vento pola Capelada, o canto dos paxariños ao raiar o sol, a querencia pola terra onde nacestes, o agarimo pola lingua dos vosos avós, o aprecio polos amigos verdadeiros, o calor do fogar arredor da nai e todas aquelas cousas que eu herdei dos meus pais.

Leopoldo, Teresa, Bieito e Xosé Luís, eu convócovos a continuar o fío de sangue do que vimos, dende

as terras altas de Rubido, fronte ó mar, aló no Ortegá. Desta maneira, quedarei vivo en vós para sempre. Que Deus vos bendiga.

Bieito Rubido

Xornalista

“ Mando o corpo á terra e a ánima a Deus, e ós meus cumpridores só lles deixo estipulado que me fagan dicir unha misa na parroquia de Freixo, na que, por vontade de meus pais e padriños, me acristianou o reitor que entón era da dita freguesía, da que sempre me considerei veciño.

O meu patrimonio material é ben cativo; que quede en usufruto del a miña muller polos días da súa vida, e despois dela que o herde a miña filla. A esta rógolle que valore e conserve, na medida do posible, o patrimonio inmaterial que deu sentido á vida de todos os seus antepasados, nas montañas luguesa e leonesa; del forman parte a lingua

de xeracións labregas, o espírito de traballo, a xenerosidade e a responsabilidade, e ela, como a máis nova, de momento, desa cadea humana é beneficiaria dese esforzo colectivo de séculos de todos os seus causantes, que derons uns a outros (os pais ós fillos) o que lles faltaba. Pídolle, a fin de contas, que, adaptándose as circunstancias nas que lle toca vivir, procure conservar e aprezar a cultura do seu país de nación e que, desde logo, mire para adiante para avanzar, pero tamén atrás para non perderse”.

Pegerto Saavedra

Catedrático de Historia
Moderna Universidade
de Santiago de Compostela

*M*eus fillos. Os azares da vida levanounos a uns e outros por camiños diferentes e vos xa ben novos emprendistes o voo cada un polo seu lado. Lembraide as vivencias dos veráns pasados na aldea, na máis que centenaria casa, xunto dos avós e a bisavoa, dos que herdastes o coñecemento da lingua que falaban e que aínda hoxe vós falades e comprendedes de xeito natural. Lembraidevos asemade dos contos e das lendas que vos contaban. E da vendima e da meda. E dos veciños da parroquia e das festas no torreiro. E do traballo que tiñan no oficio e no campo. Sempre amosastes interese por posuír unha leiriña na terra pra manter o nexo de unión

con ela. Agora que o lume da casa familiar morreu e que a miña materia se fundiu coa terra ides recibir esas leiriñas, onde podeades facer casa. Non entanto, con todo cariño, mándovos amar e respetar, conservar e transmitir ós vosos fillos e netos a lingua galega e os costumes e a cultura que recibestes dos vosos devanceiros, se así o queredes, como patrimonio inmaterial da comunidade galega e da familia que vos quixo e vos deu a vida.

Guillermo Sánchez

Comisario Xefe do CNP de Vigo

De nós quedará canto quede escrito. A memoria dos seres humanos, aínda sendo poderosa, é fráxil e cambiante por iso inventamos a linguaxe e logramos utilízala como vehículo entre as xeracións. Inventamos a escritura, os signos e símbolos que serven para transmitir ideas, emocións e testemuñas como soporte necesario das linguas. Pero as linguas chegaron a ser un instrumento tan poderoso que definen e determinan a nosa personalidade como individuos e como pobo. Nós existimos en galego e a miña manda para os meus e para as xeracións futuras vai no sentido de preservar e continuar esta identidade lingüística para

que non desaparezamos como pobo.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago
de Compostela

*H*ai máis de mil anos que os nosos devanceiros transformaron o latín que lles viñera de fóra nunha lingua propia e, desde entón, temos unha identidade cultural propia, orixinal. A través dos cambios, ás veces violentos e con frecuencia adversos, que a historia lle foi impondo ó noso pobo no decorrer dos séculos, a lingua conservou viva a nosa identidade cultural. Xa que logo, a fidelidade á lingua vén ser a fidelidade a nós mesmos, e a todos os nosos antepasados, que a crearon e a conservaron.

Estas son as razóns polas que lles lego ás miñas fillas e netos a fala que herdei dos meus pais e meus avós e que fixen máis grande coa

axuda doutros parentes, veciños, amigos e libros; co mandato expreso de que manteñan viva a miña lingua, pola que traballei e vivín.

Xosé Sánchez Puga

Mestre

*A*os meus herdeiros deixo dito:

En primeiro lugar desexaría que, na medida do que poidan, contribúan a que Galicia sexa un país máis libre, máis xusto, máis limpo e máis próspero; unha nación que acolla aquilo que a faga progresar aínda que veña de fora, mais sempre manténdose orgullosa das boas cousas propias.

En segundo lugar celebraría que coñezan e usen o galego na súa vida cotiá e que, do mesmo xeito, descubran e cultiven a nosa ampla cultura en todos os seus eidos. Mais tamén lles aconsellaría que se mergullen noutras culturas e linguas para, desta maneira, po-

der estar coma galegos no mundo, e que en consecuencia, todas as xentes da Terra saiban da existencia do noso idioma e das demais creacións do noso pobo sen máis mediación que a tolerancia, o respecto e a boa fe.

En derradeiro lugar estaría ledo de que fixesen seus estes meus desexos e así llos transmitisen aos seus herdeiros para que estes espallasen a galeguidade polos confíns do mundo, e máis alá, ate onde a humanidade chegue.

Iván Manuel Sanmartín Eirín

Avogado na Estrada

A sí queda disposto o repartimento dos bens que neste mundo me legaron, e que eu, administrándoos, gocei e conservei, e perdín e aumentei. Agardo que vos atopedes a gusto con este repartimento, que sempre o tratei de facer co acordo e consentimento de todos.

Pero se algo vos quixese legar antes cos dereitos sobre as cousas, é o cultivo dos valores elevados, que nos chaman con voz suave, nos que máis esforzos e renunciación puxen para tratar de volos transmitir. Ben di o *adagio* que o diñeiro é bo servo, pero mal amo, e mellor me gustaría ver-vos respectuosos cos valores da arte e da ciencia e da lei moral, que non lega un pai ós seus fillos, senón por

medio dos coidados e do cultivo, porque este, a diferenza dos bens e dos dereitos, transmítenos as xeracións e os pobos colectivamente pola vida social. É así como vos pedín que celebrasedes a miña morte en galego, e senón en silencio, e non consentirades a prolongación da miña vida por medios artificiais, tamén agora vos pido que teñades sempre o amor e esforzo, e a creatividade para gozardes e conservardes, e desusardes e aumentardes a memoria, a lingua e a cultura galegas e todos os valores da arte e da ciencia e da lei moral. E así podo morrer ledo e con graciosa humildade, despois de atravesar a vida e contemplada a morte, tamén confiado e humilde.

Iago Santos Castroviejo

Profesor da Universidade de Vigo

Eu, Francisco Xavier Senín Fernández, nado na freguesía de San Xulián de Requeixo do arciprestado de Iria, en pleno uso das miñas facultades, mando a todos os meus herdeiros que respecten e conserven a fala e a cultura deste país que se chama Galicia. Así mesmo, na hora da miña morte quero dar grazas a Deus porque me concedeu o don de vivir neste reino que se chama Galicia. Loado sexa tamén El Señor por me conceder o don desta cultura milenaria. Loado sexa Deus por me aprender a falar na lingua do meu país.

Dado no castro de Alobre, á beira da ría de Arousa, o 1 de novembro de 2002.

Xabier Senín Fernández

Catedrático de francés

- ● ● e ademais lego como ben intanxible o amor polo mar, a terra, os vales, as fragas, o respecto polas palabras aquelas que unha a unha forman un idioma que constrúen os soños, as lendas, os mitos e a identidade colectiva. Coidade o noso idioma e coidade, tamén, a diversidade do mundo.

Antón Seoane Pampín

Psiquiatra e compoñente
de Milladoiro

*M*eus prezados fillos:

Ben sabedes que na miña vida non cobicei outra cousa que non fose a vosa saúde, a vosa felicidade e a vosa formación para serdes persoas boas e honradas. Por iso loitamos sempre o voso pai e máis eu, sen acougo, sen cansazo. Chegado este momento pídivos que lembredes cal foi sempre o meu máis apreciado, tesouro: os nosos libros. Eses que se agochan aí pola casa, onde poden, onde repousan á espera de novas lecturas, de novos lectores. Pouco máis vos deixo. Velaí os tedes: amados, lidos, anotados, vividos. Abrídeos e atoparedes o verdadeiro sentido das palabras que tantas veces escoitastes na

casa: Galicia, galego, loita, ledicia, rianxeiro, pazo, campá, terra ... Neles repousa a esperanza dun país forte e novo. Neles débúxase o paradigma dun pobo recuperado, orgulloso, afouto. Volvede a eles, remexede neles e aprenderedes a vivir como o que sodes: legado moderno dunha terra nobre e poderosa. Reparade con serenidade no pasado para encarar firmemente un futuro que ha ser, sen dúbida, o mellor dos posibles. Polo que á vosa nai atinxe, non podó deixarvos mellor legado.

Deus vos protexa e vos bendiga.

Amparo Solla González

Profesora Universidade de Vigo

Eu, Fabiola Sotelo Sotelo, nacida en Castro Caldelas, e veciña de Compostela, fago manda de todos os meus bens ó meu sobriño Antón Sotelo Canal.

Naceu en Barcelona. Desde o día do seu nacemento, unha das linguas que escoita é o galego. Aínda que o seu corazón e a súa lingua estean divididos entre Cataluña e Galicia, espero que non esqueza a lingua e a cultura galega que os seus pais tratan de que coñeza e ame, e que chegue a ser un embaixador da lngua e cultura noutras terras.

En Compostela, o trinta de outubro do ano dous mil dous

Fabiola Sotelo Sotelo

Directora Xeral de Cooperación Exterior

A expresión que cada pobo acabou construindo como vehículo de comunicación: a súa lingua, é símbolo da creatividade humana, da súa racionalidade e da súa diversidade. A súa permanencia no tempo debe formar parte das causas da humanidade no presente e no futuro.

As miñas fillas coas que rin, chorei, sentín e vivín, usando como vínculo de afectividade e comunicación a lingua galega, é o meu desexo e sentimento que ese legado que compartiron con nós, contribúan a deixarllo ás xeracións que lle sucedan en mellores condicións de uso e disfrute que elas o recibiron.

Alfredo Suárez Canal

Conselleiro do Medio Rural

Deseño que meus herdeiros respeten e procuren amar as terras e bens que eu herdei dos meus devanceiros o día que pasen a ser da súa propiedade, que eles as consideren, non somentes un ben económico, senón tamén cultural e cinxido a nosa entrañable lingua galega que lles pido que respeten e practiquen con amor, sen perxiizo e en harmonía con cantas outras que poidan e precisen practicar.

Xabier Suárez-Vence Santiso

Empresario



*P*or último, é tamén a miña vontade que valoredes, como patrimonio non económico, pero moito máis prezado, todo o acervo e bagaxe de tradicións, costumes e cultura galega, e moi especialmente a lingua tan querida, polas que traballei e loitei ó longo da miña vida, de xeito que poidan ser mantidas e desenvolvidas no futuro. Pídvos que lle transmitades esta inquedaanza ós vosos fillos, e estes ós seus para que queiran a Galicia do mesmo xeito que eu a ameí, e poidades ver unha Galicia mellor cá que eu deixo.

Xesús Taboada Cid

Rexistrador mercantil de Ourense

Establezo, como derradeira vontade, a aplicación dos meus bens, do xeito que segue:

Dispoño:

Que se chegase o caso de que o Goberno ou algunha corporación, por disposicións legais ou doutra clase, tivese que incautar a propiedade dos meus bens que deixo destinados, ordeno absoluta e terminantemente que, chegado ese suposto, a distribución dos meus bens tan só poderá facerse a favor daquela entidade ou fundación que teña por finalidade a promoción da cultura da miña amada terra de Galicia, referencia permanente dos meus máis fondos sentimentos.

Fundación que deberá estar rexida por persoas que saiban canalizar e transmitirles ás futuras xeracións a importancia do valor espiritual de pertencer a unha sociedade que soubo acumular, a través dos séculos, a sabedoría popular manifestada, intuitivamente, nos labores cotiás dos oleiros, mariñeiros e labregos que fecundaron a nosa terra dándolle a categoría de pobo.

Sendo consciente de que a nosa identidade colectiva vén definida con precisión pola existencia da miña amada lingua galega, manda imperecedoira dos nosos devanceiros, á realización da súa promoción e uso aplicaranse estes

bens hereditarios para continuar o legado de transmisión ás novas xeracións, garantes da pervivencia do noso patrimonio colectivo lingüístico e cultural pola fin dos séculos.

Carlos Varela García

Fiscal Superior de Galicia

*P*ara ben morrer, din que, ademais de mortalla e sepultura, cómpre testamento con mandas pías. En liberdade rexeito a mortalla e por ter nado nestas terras de Galicia, as que máis quero, sotérrenme nelas, en Piñeira (pasando por Paracios).

Como mandas cidadáns, propono que Galicia somos todos, na convivencia e na comunidade de vivencias.

É parte de nós o pasado: os días longos do verán e as tardes miúdas da invernada, xunto cos primeiros baños, na veira do mar, a seitura, a sega da herba, a malla, a sementeira, a carreta do esterco, a procura

dos niños e os niños pendurados do ouriolo, o cantar do cuco e xogar a estornela.

E agora tamén gañamos o presente, a madurez, a responsabilidade, a democracia normalizada e o progreso.

Será bo que todos xuntos conformemos o futuro, que os cambios non traian a perda de nós, que agrome a faciana do progreso e que consoliden actitudes colectivas de tolerancia, participación, integración, democracia e diálogo.

Sinaladamente, que na sociedade da información, da tecnoloxía do carbono aplicada a informática e

mesmo no caso da emigración da humanidade cara a outros planetas, os nenos saiban atopar os niños e todos poidan distinguir a pega do gaio, a merla e o estorniño, a perdiz e o paspallás, o teixo do porco bravo; que todos poidan querer a un castiñeiro ou a un carballo e que lles falen os camiños, aínda que nelles non lles voltease un carro.

E, por enriba de todo, que a “ethos” teña saúde na sociedade pluralista e nas persoas que a compoñen.

Xosé Vázquez Portomeñe

Secretario Xeral de Técnico
da Consellería de Traballo



*L*ego de ter disposto dos meus inculcables bens -mables, in-mables, metálicos e cuantiosos valores- para que este acto teña legalmente por testamento, quero pasar, Sr. Notario, a dispoñer do verdadeiro e máis grande único activo: o sempre ilimitado amor á terra que nacín, coa que aprendín, nese sentir na aldea preto da vila, o maior respecto ás súas xentes.

Lego por igual ós meus fillos, aquí establecidos, todo ese sentir, que ten realidade e vida.

O demais, se chegase a ser atopado, para publicar tal milagre.

Dando fe da miña capacidade o
mentado Sr. Notario, asino con
el.

José Ramón Vázquez Sandes

Ex-Valedor do Pobo

A Bernal e a Icíá

Logo de que marche quedará para
vós, cando menos, algo que cons-
truín durante toda a miña vida e,
sobre todo, durante toda a vosa
vida: os recordos. Lembrarédes-
vos de min e mesmo, ás veces,
falaredes comigo e soñaredes co-
migo, ao mellor ata eu vos falo, e
fareino na nosa lingua, quixémo-
nos en galego e así seguiremolo
facéndoo.

Alén da fin dos meus días, ata a fin
dos vosos.

Iolanda Veloso Ríos

Concelleira de Normalización
Lingüística do Concello de Vigo

A lingua galega que está na nosa lareira e no salón, no monte e na praia, na aldea e na cidade e que linda polo norte cun barco ferruxento de Marín, polo sur coa chamada Terra de Fogo, polo leste cun restaurante do Xapón, e polo oeste cunha ponte de San Francisco, mándollela ás millas fillas e pídolles que nunca a menosprecen, abandonen nin vendan e que, no seu día, llela deixen ós seus herdeiros.

Maximino Vicente Terceiro

Funcionario

*T*i debes:

Usar a lingua galega en todas as situacións e circunstancias.

Potenciar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos.

Baixo as seguintes condicións:

Recoñecemento: debes recoñecer a lingua como a meirande creación colectiva do noso pobo na que contribuímos desde sempre todas as galegas e todos os galegos.

Non comercial: coa lingua non se negocia. Non a vendas por nada.

Compartir coas mesmas condicións: ti tamén debes contribuír ao

incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, situacións e circunstancias, mais debes facelo coas mesmas condicións aquí especificadas.

Polo tanto, ao utilizar ou potenciar o uso do galego, deberías dar a coñecer estas mesmas condicións.

En ningún caso a utilización da lingua se debe utilizar para menosprezar as nosas orixes nin para restrinxir os dereitos históricos da nación galega.

...E se te lembras de min nunha lingua que non foi a miña, entón é que non te lembras de min.

Nel Vidal Barral

Presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística

X amais esquecerei cando era cativa, as verbas garimosas da miña nai, antes de collerme no colo: -"ven aquí miña meniña"

Perdura no meu maxin os contos do meu pai, na nosa lingua nai, nas noites frias de inverno antes de quedarme durmida; Lembro con tenreza as tardes de xogos na casa coa miña irmá e meus curmáns;

Teño no meu corazón o son enxebre e ledado da gaita de Xoán tocando o día da festa, mentres cantabamos e bailabamos as nosas cancións.

Todas estas vivencias que me fan sentir e vivir como galega e qui-

zais a herdanza máis importante que transmitirei ós meus fillos para que sintan e amen a terra que me veu nacer e a lingua que me falaron.

Mari Carmen Vidal Paz

Directora do Obradoiro de Emprego

A Estrada VI

A sí mesmo, fágovos a manda moral de conservar e transmitir o patrimonio cultural que recibistes de min e dos antergos. Xa que logo, manifesto a miña vontade de vos facer a encarga de defender e transmitir a lingua que de min mamastes e escoitastes con agarimo, chamándolles ás cousas polo que o pobo quixo que fosen os seus nomes, e revitalizando o uso das palabras que crearon os devanceiros para chamarlles ás persoas, ás terras e ós lugares; de coidar e reproducir as froiteiras, que foron enxertadas polos avós, e as plantas do xardín que tamén eu herdei de miña nai e tanto quixen; de celebrar as festas familiares e patronais, acudindo a aqueles fogres de parentela que

vos conviden; e de ser solidarios e tolerantes coa veciñanza, e hospitalarios cos forasteiros, recordando que tamén tedes parte do voso sangue soterrado en terra allea.

Helena Villar Janeiro

Escritora

Saiban todos cantos vexan este instrumento notarial que eu, Ramón Villares Paz, natural de San Xiao de Cazás, na Terra Chá de Lugo, veciño de San Simón de Ons de Cacheiras, na terra de Compostela, casado con M^a B.L.V., da que houbo dúas fillas, dono de si, outorgo testamento de acordo coas seguintes estipulacións:

Primeira

Se do caso for, lego á miña muller, en calidade de usufructuaria e por días de vida, todos os bens e dereitos que me puidesen corresponder.

Segunda

Nomeo herdeiras universais as

dúas fillas, en igualdade de condicións, segundo o costume, na tribo dos nosos devanceiros da Chaira, de todo o capital que haxa ou poida haber, unha vez libre de obrigas e pensión, se as houber.

A herdeira máis vella fará dous montóns e a máis nova será a primeira en escoller.

Terceira

Poño a obriga de que teñades memoria dos vosos devanceiros, que foron labregos, emigrantes, ferreiros e cereiros, que lle chamaron polo seu nome a cada lugar, a cada leira e a cada monte que agora herdades.

A herdeira máis nova fará inventario destes nomes.

E outrosí, mando que cultivedes a lingua e que amedes a terra, como fixeron os vosos devanceiros, próximos e recuados, que sempre madrugaron para ver nacer o sol, coa esperanza de que chegase a primavera, que agora sodes vós.

Dado polo mes de outubro do ano dous do terceiro milenio, escrito de meu puño e letra, na Pousa de Razó, co sol amecendo polo Pico Sacro.

Ramón Villares Paz

Presidente do Consello
da Cultura Galega e Académia RAG

Q meu maior desexo é que as liñas da nosa historia queden escritas en galego para que as verbas do futuro sexan faladas en galego.

Que a Galicia do futuro sexa un país unido cunha cultura forte que utilice a nosa lingua como ferramenta e vínculo de unión da galegüidade.

Que os que veñan teñan a oportunidade de escribir, falar, escoitar, pensar e sentir en galego.

Quero que a nosa lingua, que un día foi castigada e perseguida por simbolizar a diferenca, sexa un instrumento útil para o diálogo e a mellor mostra dunha iden-



tidade común. Representación dunha Galicia afable e moderna, orgullosa do seu pasado e que afronta con ilusión un futuro de esperanza.

Dolores Villarino Santiago

Presidenta do Parlamento de Galicia

A cada un dos nosos fillos deixámo-lles, como herdanza máis prezada, un fato de libros en galego, moitos deles asinados polos seus autores; preto dun milleiro de cintas nag-netofónicas que recollen voces de xentes do común ou persoeiros destacados da cultura e da sociedade galega; e a testemuña do fermoso idioma chairego que nos identifica.

Das dúas primeiras partes deste legado -libros e cintas- fagan o uso que consideren conveniente, e poderán, despois de utilizalos, entregalos a algunha institución que saiba estimalos.

Do idioma chairego (galego que

se fala na Terra Chá), fagan uso e mesmo abuso, conxuntamente ou de xeito individual, na seguridade de ter milleiros de irmáns cos que o falar e de que sempre lles será útil e proveitoso.

En Lugo, no mes de santos de dous mil dous

Xulio Xiz Ramil

Xornalista

“En Galego, agora e sempre”

é un proxecto da

Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística
creado para concienciar á cidadanía
na rehabilitación da memoria cultural e lingüística
dos que nos precederon na vida,
e asegurar a transmisión ás que nos sucederán.

Participaron neste proxecto
os concellos de:

A Estrada, Calvos de Randín,
Cangas, Cartelle, Castro Caldelas, Celanova,
O Grove, Ourense, Outes, Pazos de Borbén,
Pontevedra, Redondela,
Santiago de Compostela,
Vigo e Vilagarcía”

